

A ACADEMIA NO DISCURSO
EXÍLICO DE LUÍS SEOANE

O solemne acto académico no que foron lidos os dous discursos recolleitos
no presente volume celebrouse o 30 de outubro de 2004 no Pazo de Viturro,
en Rianxiño (Rianxo).

I.S.B.N.: 84-87987-54-0 _____ Depósito Legal: VG-984-2004

© REAL ACADEMIA GALEGA, 2004

Produción: Editorial Galaxia, S. A.

Impresión: Obradoiro Gráfico, S. L., Polígono Industrial do Rebullón, 52-D (Puxeiros) - MOS

REAL ACADEMIA GALEGA

A ACADEMIA NO DISCURSO EXÍLICO DE LUÍS SEOANE

DISCURSO LIDO
O DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2004,
NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN,
POLO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

XOSÉ LUÍS AXEITOS AGRELO

E RESPONSA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON

XESÚS ALONSO MONTERO



A CORUÑA
2004

DISCURSO
DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON
XOSÉ LUÍS AXEITOS AGRELO

Excelentísimo señor Presidente,
Ilustrísimos señores académicos, amigas e amigos:

Como é natural e non soamente obriga, quero expresar o meu sincero agradecemento á Real Academia Galega, coa esperanza de que neste caso a Retórica do discurso académico non oculte a necesidade de facer eficaces e veraces as miñas palabras.

Coñecedor coma ninguén dos meus propios desvalementos intelectuais aínda valoro máis a xenerosidade dos señores académicos ao propoñerme e nomearme como membro desta ilustre institución case centenaria. A xenerosidade da institución, que non os meus méritos, aumenta aos ollos de todos se temos en conta os nomes recoñecidos dos que formaron parte dela ao longo dos anos: Murguía, Pondal, Martínez Salazar, Vilar Ponte, Risco, Otero Pedrayo, Cabanillas, etc, sen esquecer os rianxeiros Castelao e Rafael Dieste.

Sexan, xa que logo, as miñas primeiras palabras de gratitude pola inmerecida honra concedida.

Permítame, señor Presidente, facendo uso das palabras de María Zambrano de que a vida non ten partes senón rostros e lugares, estender o meu agradecemento a unha serie de espazos e persoas, moitas aquí presentes e outras que nos teñen deixado para sempre, que me acompañaron na miña andadura vital.

Non podoo deixar de lembrarme neste intre, en primeiro lugar, da paisaxe aldeá do meu Asadelos natal, que me ofreceu o primeiro fogar familiar compartido coa escola masculina a onde acudiamos todos os rapaces da parroquia rianxeira de Asados.

Cando lin, moitos anos despois, que as familias patricias hispanoamericanas viaxaban a Europa embarcando entre as súas pertenzas unha vaca e unhas galiñas para mantenza das súas crianzas durante os días da travesía, eu tamén lembrei aquela nosa escola-fogar de incerta singradura que tiña como inquilina unha vaca que mantiña miña nai para sustento familiar mentres moitos pais, o meu entre eles, iniciaban unha viaxe inversa á dos notables hispanos, co fardel da emigración cheo de esperanzas nun pronto regreso.

Somos, porque non renunciámos á nosa orixe, fillos de *húmidas escolas de posguerra* e da emigración que nos deixou sen país durante moitos anos. Por isto, á falta de centros de educación dignos e de mestres recordables, fomos Balbinos nas corredeiras da liberdade coa mirada limpa que se espellaba día a día na pobreza e na solidariedade dos demais. Por iso eu, que sei canto debo a estas miñas xentes e paisaxes iniciáticas, quixera facer presentes, da man das miñas palabras, aquela escola que foi fogar, aquela familia que me aleitou na nosa cultura e a todos aqueles compañeiros, que nos seguimos a identificar nos eidos aldeáns e, tamén, nas poucas e xa amarelas fotografías que compartimos de tempos pasados.

Os horizontes culturais da aldea, sen libros, tardaron moito en empatar coa sabedoría letrada das vilas e cidades e nin sequera cando ecoaban historias orais de mortos e fuxidos, coas cousas de Castela sempre presentes, chegaban a levarnos fóra dos lindes do noso val, que non acadan máis alá do que abrangue o concello de Rianxo. E na nosa cartografía escolar, que non coñecía o mapa de Fontán, non figuraba Galicia, porque era un curruncho moi pequeniño do mundo.

A Compostela, a onde levan todos os camiños, nós atopámola pola congostra da enfermidade no canto dos camiños da cultura libresca, moi afastada dunha vida destinada a sobrevivir. E cando chegamos a ela mostróusenos, nun principio, alleeira e distante. De certo, non cheguei a ver reflectido culturalmente o meu mundo aldeán ata que alá por volta de 1965 comecei a ler en Salamanca, guiado pola sabedoría do profesor D. Xosé L. Pensado, algunhas páxinas do Padre Sarmiento. De seguido atopeime, sempre da man do mestre galego, coa obra de López Ferreiro que me guiou pola toponimia do meu país recollendo, como aprendiz de filólogo, toda aquela morea de nomes iniciais dependentes e tributarios do arcebispado de Santiago. Foi naqueles horizontes castelán-leoneses onde aprendín a etimoloxía da miña aldea, onde me decatei de que a aldea veciña de Bexo, rotulada Bejo nos sinais de circulación, non tiña relación con *ver* senón co nome de posesor *Velegio* e onde, en fin, souben que o galego era tamén unha porta aberta á comprensión do mundo. Lembro como fazaña intelectual cando nunha clase ateigada de alumnos urbanos descoñecedores do significado da palabra *meda*, o mestre me inquiriu sobre o sentido da devandita verba. Acostumado a xogar entre medas e palleiros, axiña contestei dando lugar a unha diatriba cómplice do profesor que cantou as virtudes da aldea e o menosprezo da corte.

Non podía faltar, por conseguinte na miña gratulatoria a lembranza do profesor Pensado, que proxectou sobre Galicia e a nosa cultura a mirada e a sabedoría dunha disciplina tan árida como improdutiva nos tempos en que el encetou a súa andadura filolóxica.

Non é a institución que hoxe xenerosamente me acolle allea aos méritos contraídos polo profesor de Salamanca, que o nomeou Académico Correspondente o 29 de novembro de 1967 e Membro de Honra o día 10 de abril de 1987.

Se seguira a tradición anglosaxona de nomear a todas as persoas das que son debedor, faría unha lista interminable na que non faltarían os analfabetos e unha tradición oral e popular que sempre foi no noso país a máis democrática das culturas por iso de estar a disposición de todas as economías. Non obstante, non quixera deixar de mencionar a dúas mulleres, Carmen Muñoz e María Elvira Fernández, que puxeron xenerosamente á miña disposición o seu máis prezado legado, a palabra do exilio, ese discurso desamparado que hoxe, aínda a destempo, me está amparando a min neste meu discurso.

* * *

Soamente unha involuntaria alianza entre a vontade dos señores académicos e o destino imprevisible foi quen de facer que chegue a esta institución para ocupar a cadeira de D. Domingo García-Sabell, home que reúne arredor da súa persoa as máximas consideracións e recoñecementos, tal como teñen acreditado numerosos intelectuais e estudosos nas páxinas recollidas nos dous volumes que lle dedicaron a Universidade de Santiago e o proxecto Galicia de edicións Hércules, ademais das numerosas necrolóxicas que apareceron nos xornais e outros medios de comunicación.

Domingo García-Sabell naceu en Santiago de Compostela, *intramuros*, na praza de Mazarelos, no ano 1907. A súa longa vida percorreu todo o século XX, anos feridos e acelerados, para rematar a súa *paseata* na Coruña o 5 de agosto de 2003.

Estudou Medicina na Universidade da súa cidade natal, onde se licenciou, e ampliou estudos en Suíza e Alemaña, doutorándose en Madrid cunha tese dirixida polo doutor Carlos Jiménez Díaz. Pero xa cando tiña 20 anos se mostra enfrascado no estudo da historia da filosofía, tal como expón epistolarmente a Rafael Dieste en carta do 17 de abril de 1927. Temeroso de quedar encerrado nas *simas*

dalgunhas construcións ideolóxicas, pide consultar as súas dúbidas e vacilacións ao daquela brillante periodista rianxeiro en Vigo. Maníféstalle ao amigo, a quen moitas veces recoñecerá como mestre, que ao comezar polos gregos atopouse cun, en aparencia, humilde filósofo, Parménides, que lle suscita serios problemas. Poucos días despois, noutra carta, o tema será a “mónada inextensa” de Leibnitz. E na demorada misiva nin unha alusión utilitaria e doméstica á vida xuvenil, aos estudos e aos amigos comúns. Todo isto cando o mozo en cuestión estaba a correr a prodixiosa aventura de cumprir vinte anos.

Emporiso, un ano máis tarde, a finais de 1928, xa se presenta como un orteguiano cabal e despídese do seu interlocutor epistolar cun rotundo e rechamante “¡Viva la aristocracia intelectual!” E reserva o último parágrafo da carta, esta vez si, para darlle noticia de Bal y Gay, de Maside, de Felipe Fernández Armesto e de Fermín Bouza Brey.

Non nos sorprende, por conseguinte, que dando un salto no tempo, despois da guerra civil nos atopemos a García-Sabell como integrante dun grupo xeracional denominado de *médicos humanistas*, ao pé de Laín Entralgo e Rof Carballo, recoñecendo como mestres a Ortega, Gregorio Marañón, Zubiri e Nóvoa Santos. Na nómina xeracional adoitan tamén entrar Julián Marías, e Aranguren, entre outros amigos persoais de García-Sabell. O termo humanismo que se lle aplica a esta xeración está fundamentado porque todos eles relacionaron o significado das súas propias disciplinas con cuestións éticas e antropolóxicas e prestaron un grande atención ao tema do humanismo, que mesmo figura nalgúns títulos sobranceiros das súas obras respectivas. Outra característica xeracional está no emprego do ensaio como canle para expresar a súa relación coa sociedade. Dadas as difíciles circunstancias sociais e políticas que impuxo o franquismo na posguerra, todos eles empregan o xénero ao que se acollen como manifestación da intimidade, da amizade, das formas de convivencia civilizada, *radicalmente civilizada* como nos di García-Sabell. Deste xeito, renunciando a unha confrontación ideolóxica, escamotean, en parte, tamén a realidade. A crítica máis lúcida desta actitude virá da man de Tierno Galván que ve nos temas clásicos deste humanismo – beleza, harmonía, paz interior e concordia- unha retórica esteticista que refuga a realidade social, dialéctica e conflitiva.

Desde este ángulo intelectual deu cabida García-Sabell, despois do seu encontro con Ramón Piñeiro, entre os seus estudos, a temas de raizame galega como a saudade e a autores emblemáticos

como Rosalía de Castro, Castelao, Manuel Antonio ou Luís Seoane que o integraron, con grande *auctoritas*, nas máis importantes institucións galegas. Contrasta non obstante esta recepción amable e xenerosa da obra de García-Sabell por parte das institucións coa distanciada aceptación por parte do público que non acaba de asimilar esta especie de caudillismo cultural de natureza orteguiana. É posible que co tempo se corrixa esta actitude receptiva xa que non hai maior eloxio que o de vernos reflectidos nas cousas e nas persoas que queremos enxalzar.

Formou parte, en efecto, Domingo García-Sabell, como asesor e fundador, de numerosos Padroados e Fundacións (Fundación Barrié de la Maza, conde de Fenosa, Fundación March) formou parte desde a súa creación do xurado, actuando como Presidente, dos Premios Príncipe de Asturias, foi tamén Presidente da Editorial Galaxia. Conferenciante brillante en España, Europa e América. Senador Real nas Cortes Constituíntes desde 1977, Delegado do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia (1981-1996). Doutor Honoris Causa pola Universidade da Coruña, Fillo Adoptivo da cidade da Coruña, etc.

Publicou, entre outras, as seguintes obras: *Luís Seoane*, (Vigo, Galaxia, 1954), *Ensaíos I* (Vigo, Galaxia, 1963), *Luís Seoane grabados* (Vigo, Galaxia, 1965), *Notas para una antropología del hombre gallego* (Madrid, Península, 1966), *Tres síntomas de Europa* (Madrid, 1969), *A pintura como comunicación* (A Coruña, Edicós do Castro, 1971), *Ensaíos II* (Vigo, Galaxia, 1976), *Cen relembros* (A Coruña, *La Voz de Galicia*, 1993), *Libro dos comentos* (Sada, Ediciós do Castro, 1996), *Os gromos do pensamento* (Vigo, Galaxia, 1996) e *Paseata arredor da morte* (Vigo, Galaxia, 1999). Ademais colaborou ao longo da súa vida en numerosas publicacións periódicas e obras colectivas en España e no estranxeiro. Son tamén incontables os seus prólogos, algúns a obras sobranceiras de Fole, Rafael Dieste, Cunqueiro, Rof Carballo, etc.

Foi membro numerario da Real Academia Galega desde 1959 e ocupou a presidencia da mesma desde o 6 de novembro de 1977, sucedendo a Sebastián Martínez Risco, ata o 19 de xullo de 1997 en que presentou a súa dimisión.

Ata aquí, á espera da definitiva e rigorosa valoración que ditará o paso do tempo, o que poderíamos denominar as luces dun currículo intelectual brillante, que case todos os que se achegaron á súa obra e vida, *post mortem*, coinciden en presentar no seu conxunto como a

cara europea e universal do galeguismo. E así o considerou tamén Luís Seoane a través dun carteo que percorreu amigablemente os vinte e cinco anos finais das súas vidas.

* * *

A elección do tema de Luís Seoane como fío condutor do meu discurso, non soamente pretende facer presente o tema do exilio, senón que tamén, fuxindo de tópicos reduccionistas, mostrar a forma especial e particular de sentirse exiliado do noso artista, sempre pendurado dunha especie de puntada provisoria entre a súa forma de percibir Galicia e a forma de ser percibido el mesmo no seu país.

Cando nos lamentamos do desamparo do discurso exílico de Luís Seoane e doutros coñecidos desterrados, non estamos tanto a lamentármolos dos silencios afortunadamente superados como a protestar da mutilación á que se somete a súa arte cando se presenta sen explicar o proxecto político que a provocou e inspirou en gran parte. A creación artística de Seoane, esencialmente testemuñal, non pode ser comprendida sen o contexto histórico no que nace. Este reduccionismo interesado ignora a grandeza moral do exilio e o seu compromiso co país a través dun proxecto político xerado nos anos da Segunda República e concretado no Estatuto de Autonomía. Coa denominación de discurso exílico queremos facer alusión, por conseguinte a un dobre contido: por unha parte ás diversas manifestacións artísticas sobre a historia concreta do exilio e, por outra, á historia do exilio que hai detrás destas manifestacións onde moitas veces se confunden metáforas literarias coas realidades históricas.

Á hora de abordar o estudo do discurso exílico de Luís Seoane as relacións epistolares entre Galicia e Arxentina son documentos de gran valor. Por veces as cartas cruzadas configúranse como un espazo privilexiado para o debate e para as acusacións de todo tipo. Cando estes testemuños se exhuman, abandonan as canles confidenciais nas que naceron e pasan a ser fontes de primeira man para desanobelar certos conflitos e converterse así en textos históricos. Neste período de destellos e destemplos de 1939 a 1975, foron moitos os que se sentiron lexitimados e tiveron necesidade de expresar as súas traumáticas experiencias que hoxe nos permiten presentar un período da nosa historia e da nosa cultura como algo vivo e dialéctico moi afastado do monolitismo canónico co que adoitamos mostrala.

No fondo da cuestión o discurso exílico, calquera que sexa o xénero no que se manifeste, toca sempre o angustioso problema de verse excluído dúas veces: primeiro por exiliado e logo por ser excluído da historia da cultura. O medo por esta segunda exclusión é unha angustiosa constante de cada unha das vítimas do exilio republicano de 1939 e Luís Seoane non será unha excepción. A diversidade da súa obra artística, plástica e literaria, non é máis que unha chamada única e teimosa para non quedar excluído da historia cultural de Galicia.

Luís Seoane, que nacera de pais emigrantes en Buenos Aires, no ano 1910, cando chega á capital arxentina poucos meses despois do 18 de xullo de 1936 e aínda que nun primeiro momento é obrigado a facer o servizo militar como “soldado infractor”, deseguida recupera o pulso vital da nova realidade que lle toca vivir. A pesar da boa acollida posterior na súa cidade natal, Seoane non deixa nunca de sentirse galego nin de fixar as súas esperanzas en Galicia. Para el o exilio, neste momento inicial, non é máis que unha paréntese de sombra. Todo o que fai en Buenos Aires xira obsesivamente arredor de Galicia. E Galicia é a súa paixón e a súa razón de ser. A súa postura ideolóxica firme e apaixonada, unida a un compromiso radical coa súa terra e a súa xente, serán o norte da súa vida e da súa obra.

O exilio implica sempre un conflito que leva ao exiliado a un discurso transgresor e como non podía ser doutra maneira, xa desde 1936, data da súa chegada a Buenos Aires, hai unha conflitividade notoria no discurso artístico, intelectual e, naturalmente, vital. Era a etapa que podemos considerar de indignación, recollida en parte nas súas colaboracións no xornal da federación de Sociedades galegas, na homenaxe a Lorca ou nas *Trece estampas de la traición*.

Pero será a partir de 1946 cando unha serie de acontecementos históricos marquen o rumbo definitivo da súa poética exílica pasando dun desterro transitorio á aceptación do exilio como condición humana. Será o comezo da etapa reflexiva.¹

¹ Esta reflexión iníciase, en efecto, despois de rematada a guerra mundial cun evidente desasosego e desorientación por parte de todos os exiliados que ven abortada a posibilidade de reinstauración do goberno da República; a isto temos que engadir outros acontecementos como a evolución da antiga URSS durante o mandato de Stalin; a política interior de Arxentina co peronismo e, sobre todo, a disgregación do núcleo dinámico de amigos e intelectuais radicado en Buenos Aires: Otero Espasandín, Dieste, o pintor Ramón Pontones, Colmeiro, o mesmo Lorenzo Varela, etc.

Unha reflexión imposta pola necesidade de buscar explicación á súa situación de desprazado e que non adoita producirse coas culturas propias, que son consumidas con certa indiferenza mecánica.

A expulsión da historia á que se ven sometidos os exiliados require un proceso, en efecto, que aclare e testifique semellante inxustiza. Non nos debe, xa que logo, estrañar que ás veces o artista recorra ao manancial de onde proceden todas estas inquedanzas e que non é outro que a ferverza política, cultural e social que levou á instauración da Segunda República e ao plebiscito para a Autonomía de Galicia.

Luís Seoane tense referido en moitas ocasións a ese clima de esperanza revolucionaria no que se formou en Santiago de Compostela e que á súa vez lle serve sempre para dar fe do seu republicanismo e do seu galeguismo. Permítanme, xa que logo, reproducir unhas palabras de Seoane, inéditas pero nada novidasas, que formaban parte dun extenso estudo monográfico sobre Carlos Maside, e que estaban destinadas tamén, segundo testemuño da súa viúva, a ser lidas como discurso de ingreso, frustrado pola morte, nesta institución.

Imos referirnos á imaxinación política dos estudantes de Santiago nas vísperas da proclamación da República, o 14 de abril de 1931. Fai máis de coarenta anos. Nese día tomaron o edificio de correos, entón na Rúa do Vilar, enarbolando a bandeira republicán, como primeira acción, e fixéronse, cos obreiros, donos da cidade. Tiñan proieitado moitos plans para o porvir esquecendo de propósito a hestoria. Non importaban Isabel nin Fernando, nin o pasado, senón Alfonso XIII, os dictadores de aqueles días precisos, a actualidade e o futuro. Importaban máis os ministros galegos centralistas da monarquía que os reis católicos de facía cinco séculos. Os estudantes tiñan matinado toda crase de programas políticos e sempre, en canto á F.U.E. galega, Galicia e as súas diferencias eran o fundamento. Os estudantes galegos tiñan sido o primeiros en orgaizar crases para analfabetos nas aulas da Facultade de Dereito, aínda que tivesen durado moi pouco polas circunstancias políticas contra as que loitaban. Redaitaron o primeiro manifesto que se fixo na península para conmemorar xuntos, estudantes e obreiros, o primeiro de maio, e xa de feito facía tres ou máis anos que viñan xuntándose para proeitar os cambios necesarios. Bombas, apagóns de luz, detencións, cargas da policía e incidentes nas rúas, viñan producíndose dende 1929. Quedan os testemuños dos periódicos de Galicia e soio, que seipamos, un valioso folleto tidoado “La fuerza pública en la

Universidad de Santiago”, de Carballo Calero, estudante entón, referido a un feito que lle da tío. Aqueles anos foron, seguramente, dos máis importantes da historia moderna galega e dende logo da escola compostelán. En medio de toda esa axitación o cadeirádego de medicina, Rodríguez Cadarso, e un fato de profesores mozos e estudantes, facían a propaganda da Residencia de Estudantes e desenrolábase, asistida por estudantes, a laboura do Seminario de Estudos Galegos. Nascían publicacións e morrían no segundo ou terceiro número e, sobortodo, emprentábanse follas para espallar nas rúas. Nas mesas dos cafés proieitábanse programas políticos. Cando non facíanse poemas colectivos ou automáticos ó xeito surrealista. Conxuntamente cos novos ideais políticos e sociais plantexábanse os problemas de Galicia e nas asambleas xenerales que concentraban estudantes de toda a Península, cataláns e galegos referíanse á situación especial dos seus países. Nós vivimos intensamente aqueles días. Podemos con axuda da memoria de algúns outros que tamén os viviron, reconstruír a súa historia. Naturalmente as nosas ideas non foron compartidas polos compoñentes das institucións recreativas, folklóricas, as chamadas culturais, etc., senón por organizacións obreiras de sociedades agrarias e entidades que axuntaban os pescadores, etc. Eisí foi sempre en todas as épocas en canto ós novos ideais. As forzas vivas e esas institucións non organizan máis que conmemoracións, lembran inmutábeles o pasado, soio memorizan agráveos para significar “patriotismo”, e o porvir soñano con vinganzas para o presente, coma si os tres tempos, pasado, presente e futuro, poidesen coincidir. Unha política, un cambio de calquera orde, social, político, económico, etc. exige imaxinación cara ó porvir nos seus proieitistas e esquecemento das xenreiras históricas. Por isto é importante o discurso de Castelao tidoado “Alba de Gloria” como é o Maio de 1968 en Nanterre. Para Castelao o pasado desfíla como unha Santa Compañía que arrasa novos mortos e non significa programa constructivo algún, e en Nanterre, eisíxeselle ós políticos imaxinación. Nós eisíxíamola denantes desde Buenos Aires. É dicir a que teñen que ter as forzas que se avoltan contra do presente. Os estudantes que axudaron a traer a República non defendían custións de clan, senón a modificación do seu país e do home en xeral que é quem, en definitiva, conta. [...] Neste clima desenrolou gran parte da súa laboura de dibuxante Maside.

Este testemuño, onde as metáforas e a historia son inseparables, parte da necesidade de comunicar pasados históricos e actitudes presentes. Este presente, case oculto, na súa aparición final – *Nós eisíxíamola [imaxinación para defender un proxecto político constructivo] denantes desde Buenos Aires-* confírelle ao texto un

evidente ton dialéctico que non empece as boas maneiras nas que se ía producir o discurso académico.

A longa cita é importante porque nos evitará outras moitas referencias epistolares a esta época que protagonizou, como estudante, Luís Seoane. Se lemos con atención deseguida nos decatamos de que este é o programa republicano e galeguista do que foi separado Luís Seoane: tendo como fondo a bandeira tricolor, defensa da identidade diferenciada de Galicia, por medio da F.U.E. Galega (*Federación Universitaria Escolar Galega*), Residencia de Estudiantes e Seminario de Estudos Galegos; acción revolucionaria para loitar contra das ditaduras, solidariedade entre estudantes e obreiros, e, en fin, esixencia de imaxinación política encarnada en Castelao e nos estudantes franceses contra dos que seguen a explicar Galicia como unha lección do pasado, abandonando o presente nas mans de institucións recreativas e folclóricas. Todo un credo político en definitiva. Seoane ofrece unha imaxe da memoria como algo vivo, natural e orgánico unindo politicamente o discurso de Castelao co maio francés do 68. Dista moito esta imaxe da memoria como algo caduco e detido no tempo; pola contra, preséntase como algo potencial insistindo no que foi pero tamén no que non foi e podía ter sido porque existe na imaxinación e na vida. O noso artista formaba parte, pola súa formación intelectual e polas súas conviccións ideolóxicas dos que non consideraban que o futuro estivese escrito segundo as normas do pasado.

Este texto, poida que o último do autor, escrito uns poucos días antes da súa morte, contén unha declaración de principios na que destaca a súa fidelidade ao espírito do nacionalismo republicano do que endexamais se arredou. Temos unha proba máis dos sentimentos arraigados de Seoane nestes principios cando no seu primeiro texto aparecido en Buenos Aires para comezar a denuncia da represión franquista en Galicia no ano 1936, publicado no xornal *Crítica*, explica aos lectores arxentinos tamén o feito diferencial da nosa cultura nestes termos:

Galicia es una pequeña célula de universalidad. Está unida a España y está al mismo tiempo totalmente separada de ella. Históricamente, en las edades moderna y contemporánea, España y Galicia tuvieron un destino común porque Galicia vivió, sin vivir en sí, al margen de España y de su historia, dejándose llevar arrastrada, y sumiéndose, más cada vez, en una espantosa miseria espiritual y material. A Galicia durante siglos le fue indiferente el bárbaro yugo

del centralismo. Esto aparentemente. Lo real es, sin embargo, que los motivos de diferenciación continuaron subsistiendo, sin que por esto hicieran nada los gallegos y por culpa del régimen central. Geográficamente, esta humilde y bella región montañosa nada tiene que ver con las extensas mesetas de Castilla, ni siquiera con los países extremadamente accidentados del norte de la península. Al pasar las fronteras de Galicia cambia el paisaje, la vida y las costumbres.

Por otro lado, Galicia tiene su idioma, una añeja cultura y tiene, incluso, una economía particular. El idioma forma parte de las tres lenguas romances de la península; dio lugar a la creación del portugués, aportó una cantidad considerable de voces al castellano y resistió de este adulto hijo, durante siglos, manteniéndose primitivo y correcto, sin que nada sirviese la influencia castellanizante del ayuntamiento, del juzgado y de la escuela. El idioma galaico mantúvose intacto, constituyendo un gran motivo de diferenciación. Su cultura es atlántica y europea y se remontan sus orígenes a los siglos XII y XIII, creando influencias notables en la península. Cuando Galicia se incorpora a la unidad española y desaparece como nación, también desaparece ese maravilloso movimiento intelectual. El centralismo lo arrasó todo menos el idioma, el folklore y su economía, que se mantuvieron incólumes. Pero, aún desapareciendo su movimiento cultural, Galicia continuó influyendo con su espíritu por medio de sus grandes hombres, al movimiento intelectual de la península, y así en la época contemporánea influyen el padre Feijoo, el padre Sarmiento, Nicomedes Pastor Díaz, Valle Inclán, etc.²

E non descoidaba Seoane neste mesmo artigo de presentación política sinalar o papel sobranceiro do Partido Galeguista (“el Partido Galleguista, convertido ya en partido de masas, orientador de la misión biológica de Pontevedra –instituto renovador del cultivo de la tierra- y del Seminario de Estudios Gallegos, que funcionaba en Santiago de Compostela, que servía de denominador común de todos los partidos de izquierda que integraban el Frente Popular”) ante o perigo de confusión que podía provocar nos lectores a composición plural e diversa (de toda a xeografía, de todos os partidos de esquerda e de toda condición social) dos exiliados republicanos.

Coidamos dabondo expresivo do seu espírito e das súas preocupacións que o primeiro texto do seu longo exilio e o derradeiro

² Publicada como crónica periódica o 31 de outubro de 1936 no xornal *Crítica* de Buenos Aires co título de “El Terror Fascista en Galicia”. Forma parte dunha serie composta de varias entregas.

texto que escribe cando se dispoñía a poñer fin ao mesmo, teñan como tema central Galicia.

Como republicano e galeguista, Seoane segue a ter fe nos seus principios éticos e políticos e non se presenta como derrotado nin renuncia aos principios da causa que defendeu.

E non mudará esta actitude e esta preocupación nos longos anos do exilio, porque Seoane poboou o seu mundo literario, as súas estampas e óleos coa xente de Galicia aínda que debuxe e pinte axustándose aos preceptos da moderna estética, noutro continente. Nin sequera a crítica arxentina máis autorizada pode subtraerse de recoñecer que Seoane “es argentino pero respira por sus antepasados gallegos que siente muy próximos”³ que non é outra cousa que admitir ese “improvisarse arxentino”, obrigado polas circunstancias.

Seoane comparte con Valle Inclán e outros grandes artistas unha especie de visión *láríca* (no sentido de artista do *lar*, tomado de Rilke) que evoca o pasado e a terra co propósito de rescatar o espírito doutra época como recurso para rehumanizar o presente, nacida polo contacto directo do artista co mundo e non como resultado dunha experiencia simplemente estética.

A permanente galeguización do mundo que é a obra de Seoane, estará presente para sempre na súa poética:

[...] envíeiche un cortometraxe sobor dos muraes meus. A película ten, ademáis de moitos defeutos, -foi feito por rapaces moi novos que están iniciándose na filmación- o moi notorio de non ter sido feita en coor, que penso é con seguranza o máis importante das miñas obras diste xénero e non abarcar ningún muro na súa totalidade. Mais, de calquer xeito, pode ofrecer unha idea do que fago. Fíxenlles reproducir un disco da Polifónica pra xunguir dalgún modo o que fago, coa terra.⁴

Noutra ocasión, e co mesmo fin, diríxese a Lorenzo Varela, manifestándolle as súas intencións cando elixe como motivo dun cadro ao “manisero” que adoita estar na porta do Centro Galego:

Ultimamente he pintado un cuadro bastante grande con un florista porteño de esquina y otro cuadro de un manisero, el que se detiene muchas tardes a la puerta del Centro Gallego y parece tener en

³ Bayón, Damián. *Aventura plástica de Hispanoamérica*. Fondo de Cultura Económica, México, 1974, p. 108.

⁴ Carta dirixida a García Sabell con data do 18 de xullo de 1959.

los ojos viejos y cansados la tranquilidad del mar de Nápoles o de Sicilia. Pintando estos emigrantes de cualquier parte que ellos sean estoy seguro de pintar a Galicia.⁵

Pero non sería posible trazar un perfil do discurso exílico de Luís Seoane sen facer expresa referencia á actividade societaria desenvolvida con gran dinamismo polos emigrantes galegos desde o último terzo do século XIX. Cando chegan os exiliados a Buenos Aires, atópanse coa colectividade galega dobremente dividida: por un lado o período da República e a Guerra Civil provocara unha fenda irreconciliable entre franquistas e republicanos; a esta temos que engadir a producida pola cuestión da identidade nacional e as conseguíntes estratexias políticas. Este problema da identidade nacional, compartido paralelamente polos nacionalistas vascos e cataláns no exilio, colleu no caso galego unha dirección diverxente e controvertida. Mentres que vascos e cataláns apostan por un discurso exílico, reflectido nas súas abondosas publicacións, unitario, que aspira á súa continuidade histórica defendida no interior e no exterior, o discurso galego preséntase fragmentado. Deste xeito, no caso de Luís Seoane, o mundo societario galego co que mantivo unha intensa e frutífera relación, non sempre foi motivo de acougo e en máis dunha ocasión foron evidentes os distanciamentos e controversias políticas.

En xeral podemos dicir que as entidades máis importantes foron aquelas que, abertas ao mutualismo e asistencia médica —é o caso dos tres grandes centros galegos de Buenos Aires, Montevideo e da Habana— cubriron a falta de estrutura asistencial nos países de acollida. Esta faceta mutualista daba un aire plural e democrático a estas institucións que, pola contra, case sempre estaban dirixidas polos sectores medios e altos da colectividade, o que ten ocasionado protestas de sindicatos e partidos de esquerda. Noutras entidades máis claramente reivindicativas e defensoras da identidade nacional de Galicia, como a Federación de Sociedades Galegas de Buenos Aires, fundada en 1921, convivían non sen problemas un sector socialista e outro nacionalista.

As publicacións societarias, algunha de gran transcendencia pola defensa duns signos de identidade non sempre percibidos en Galicia, van reflectindo todas estas tensións ideolóxicas en paralelo co que ocorre en Galicia:

⁵ Carta a Lorenzo Varela datada o 7 de agosto de 1951.

É mester enxuiciar a ese “galeguismo” que se esvae e perde no tópico da cultura. Nunca compartimos a eufórica posición de certos teorizadores da nosa cultura. Falamos da cultura que ataíña ao ser do home, non a encasillada en mediocres enxendros literarios.

Si como di Max Scheler a cultura se define en esencia ¿qué podemos esencia dun pobo que non protagoniza o seu propio vivir. Sí a cultura é patrimonio esclusivo dos povos ceibes. Sempre nos costou crer cun pobo asoballado poidera elaborar a súa propia cultura diferenciada...⁶

Este “galeguismo que se esvae e perde no tópico da cultura”, criticado neste texto que acabo de ler, denominado actualmente por algúns historiadores como nacionalismo cultural, xorde pola influencia de Herder no leste de Europa a mediados e finais do século XIX entre os checos e os ucráinos. Aínda que existen opinións encontradas ao respecto do nacionalismo cultural e do político hai coincidencia xeral en que aquel, que persegue a rexeneración moral da comunidade, deixa fóra das súas preocupacións o que realmente é importante, as aspiracións políticas e a creación dun potencial para a constitución dun Estado. Esta perspectiva historiográfica coincide tamén en afirmar que o nacionalismo é simplemente a politización de sentimentos que eran puramente culturais ou étnicos e que a característica das nacións modernas é a súa soberanía como comunidade política de masas⁷.

Se trasladamos estas esquemáticas coordenadas á praxe política dos anos corenta, atopámonos tamén cunha concepción do galeguismo limitada á acción cultural co obxectivo de transmitir unha ética e unha moral á marxe dos partidos políticos; consideraban que a acción de desenvolver e espertar a conciencia galega do pobo era esencial e prioritario. Esta concepción era a filosofía inspiradora en Galicia do Grupo editorial Galaxia que tiña como principal teórico a Ramón Piñeiro que, coñecedor da importancia e influencia da colectividade emigrante en Buenos Aires, procura como interlocutores aos directivos ou persoas relacionadas co Centro Galego.

E por outra parte estaban os exiliados galegos que se agrupaban, maioritariamente, arredor da acción do Consello de Galicia, que achacaban aos do interior a carencia dunha política distinta da cultural e o seu escaso espírito reivindicativo. Esta actitude estaba tamén apoiada

⁶ “Autocrítica e autodeterminación” en *A Nosa Terra*, xullo, 1963.

⁷ Smith, Anthony D. *Nacionalismo y modernidad*. Madrid, 2000. Contén un resumo amplo sobre o tema.

pola Federación de Sociedades Galegas, que a través das súas publicacións societarias non deixa de fustrigar a pasividade do galeguismo culturalista.

Esta porfía será sempre unha fonte de conflitos insuperables que se reflicten tamén nas relacións epistolares de Seoane unha e outra vez. E o branco directo das críticas será sempre Ramón Piñeiro, ideólogo desta actitude:

Luego, el año pasado, leí tu libro de narraciones en el concurso del Centro Gallego, un magnífico libro con un espléndido prólogo, sin arqueología, sin cortesías, sin el LAUS DEO aburrido, sin la estúpida fuga existencialista⁸ que está dominando a algunas gentes nuestras de ahí. Con una realidad humana y mítica gallega de siempre, bien campesina.⁹

Noutras ocasións Seoane aproveita para cargar contra un sector da colectividade, elixido, por cómodo e inocuo, como interlocutor da política cultural do interior. Como noutras moitas ocasións, as queixas non son dirixidas directamente a Piñeiro senón a Fernández del Riego:

De Santiago me extraña el silencio permanente con respecto a mí de casi todos, y de Piñeiro concretamente, a quien le he escrito en algunas oportunidades y enviado mis libros luego de una carta que me remitió por mano, por medio de Perfecto López¹⁰, hace ya mucho tiempo. Quizás estén con respecto a problemas literarios y artísticos en una actitud puramente formalista que, en mi caso, aún teniendo una parte considerable de mi obra sobre todo de pintor preocupado precisamente de los problemas técnicos más audaces y de nuestro tiempo, no puedo compartir sintiéndola como exclusiva. Me imagino esta razón como la única posible, pues no encuentro otra que pueda justificar el silencio obstinado en que se mantienen con respecto a mí, entablado sin embargo una extensísima correspondencia con unos señores de Buenos Aires cuyo prestigio está desapareciendo con la

⁸ Ramón Piñeiro publicará, en colaboración con Celestino F. de la Vega o libro de Heidegger *Da esencia da verdade* e a mesma editorial, Galaxia, tirará do prelo un volume colectivo titulado *La Saudade* no que tamén colabora Piñeiro.

⁹ Carta a A. Fole datada o 27 de xaneiro de 1953.

¹⁰ Emigrante galego vinculado ao Centro Gallego que fixo unha respectable fortuna dedicado a negocios inmobiliarios en Buenos Aires. En Bos Aires todos sabían da orixe dubidosa da súa riqueza. Por este motivo ironiza Seoane cando, como home de confianza de Piñeiro, transmite aos emigrados da capital arxentina un documento político, elaborado en 1957 por Piñeiro, no que se descualificaba o Consello de Galicia.

misma rapidez con que desaparecen las fallas después del largo esfuerzo que exige su elaboración.¹¹

Esta disociación entre política e cultura promovida desde Galicia foi desde sempre un factor de desestabilización e debilidade para o Consello de Galicia que, instituído en 1944, pretendía, seguindo as liñas básicas de actuación das demais nacionalidades, reflectir unha idea básica de supervivencia onde política e cultura eran indisolubles, a pervivencia galega no exilio non sería posible sen estes dous elementos. E así actuaron, por exemplo, os cataláns, descentralizando as súas actuacións e repartindo responsabilidades entre a Fundació Ramon Llul dirixida por Antoni M. Sbert e a Institució de les Lletres Catalanes na que delegou o conseller de Cultura de facto da Generalitat, Carles Pi i Suñer.

Por veces a protesta toma forma poética; adoita recorrer Seoane a expresar os seus sentimentos íntimos deste xeito cando recibe algunha noticia carraxenta ou se decata de certas manobras. A maioría destes poemas, ocasionais, aínda que de escaso valor literario, son documentos de grande interese de cara á poética do autor e de cara a establecer a súa concepción de Galicia. O emprego do castelán ten unha clave irónica, como teremos ocasión de comprobar máis adiante:

*Hay otros.¹² Se han hecho viejos luchando por Galicia
Luchando mal, claro está. La consideraron sólo geografía
y de sus hombres sólo difundieron la lengua. Es importante pero
nada de atacar su miseria.
Por lo menos nada de atacarla desde el punto de
vista que perjudique sus intereses personales,
sus negocios, sus prejuicios.
Exhiben de Castelao una imagen de cromo
para niños bobos
y los guerrilleros, dijeron, son mentira.
Nunca existieron Manuel Ponte ni Foucellas ni Gayoso ni Seoane
ni Manolito Bello.
Todo mentira, decían, ni Manuela Sánchez cantada por Varela.
Todo se reduce a odiar a los países vecinos a Galicia
¿y qué de los romanos? ¿Qué de los
gallegos anteriores a los romanos?
¿Qué de los suevos? ¿Y de los otros?*

¹¹ Carta a Fernández del Riego datada o 19 de marzo de 1953.

¹² Semella querer con este comezo dar ao seu escrito forma de manifesto, de diatriba. Lembremos que o *¡Máis alá!* de Manuel Antonio ten un apartado que comeza: “Tamén hai outros”.

*¿ de los ingleses? ¿ de los yankis ahora?
¿ Y qué de todos los reyes de todos los pueblos
que ocuparon Galicia junta.
A unos pocos nos importa resolver junto con el idioma las miserias
de Galicia, y es entonces cuando se vuelven
contra nosotros. No citamos, dicen, sus sociedades,
la de cada uno de ellos. Las que hicieron para organizar
juegos florales - siempre en todas partes hay una bella dama-
y ridículas marchas con gaitas por la avenida de Mayo.
¿ Por qué no otros torneos medievales?
Al menos, es verdad, luchan, como saben, por Galicia y es algo.*

Hai neste texto claves fundamentais para explorar desde unha perspectiva ideolóxica a confrontación cun sector da colectividade galega de Buenos Aires. O texto podemos datalo aproximadamente nos primeiros meses do ano 1968, cando empeza a xerarse a celebración dos xogos florais aludidos por Seoane. A presenza de Lorenzo Varela é, probablemente, un dos motivos do poema xa que a súa intervención no Centro Galego o 25 de xullo de 1967 apelando á dignidade e unidade dos galegos con motivo dos sucesos de Castrelo de Miño, fora interrompida e protestada por non terse expresado en galego. Fai Seoane, en efecto, a defensa do amigo, capaz de inmortalizar a vítima inocente, Manuela Sánchez, morta a balazos por dar protección a uns guerrilleiros.

Non se pode reducir toda a acción e defensa de Galicia á lingua. Esta recriminación poética inicial cobra valor máximo asinada por un home que escribiu toda a súa obra literaria en galego. Cando se publique a súa correspondencia completa teremos ocasión de confirmar esta cuestión polas alusións ás súas obrigadas traducións ao castelán case sempre impostas por criterios editoriais.

A concepción antropolóxica e cultural que Ramón Piñeiro ten das linguas como modeladoras da personalidade dos pobos, tivo a súa orixe no movemento de ideas que se deu en Alemaña desde finais do século XVIII e onde, segundo Humboldt, a división do xénero humano en nacións non é outra cousa que a división en linguas. De aquí a tendencia que se observa a establecer, en contra da experiencia, relacións mecánicas entre lingua e estado ou, como ocorreu entre nós, identificar nacionalismo e separatismo a pesar do carácter unionista e non disgregador do primeiro.

Seoane, neste poema social e obxectivo, reclama unha ética da linguaxe que se refire á relación desta coa realidade na procura e na

busca da verdade. Non admite que fuxa dos verdadeiros problemas, falar do que non é a verdadeira cuestión, servirse da palabra para unha pseudocomunicación. E aínda que a linguaxe non é soamente un puro discurso intelectual e racional porque tamén ten elementos emotivos, debemos, segundo Seoane, limitar ao máximo os elementos metafísicos porque a ética non acada a esas linguaxes evasivas e escapistas. Deste xeito a linguaxe pode servir para ocultar a comunicación verdadeira, dialéctica, detrás dunha cortina de palabras insignificantes. Por este motivo, no poema, os “outros” din que é mentira o guerrilleiro Antonio Seoane Sánchez, fusilado na Coruña o 6 de novembro de 1948 ou que tamén cae na mendacidade o Castelao para nenos bobos que eses mesmos “outros” nos presentan.

Pouco a pouco vanse apuntando as bases da poética creativa de Seoane, onde moi marcadamente podemos diferenciar a loita por conquistar un espazo de obxectividade, sempre vinculado ás circunstancias históricas que lle toca vivir. Esta foi unha das directrices que marcaron o rumbo da súa obra creativa: procurar unha explicación e unha lectura do ser humano afastada de nocións metafísicas e substituílas por entidades, subxectos e obxectos históricos. Esta idea está expresada por Seoane en múltiples escritos metaliterarios, pero intentaremos documentala con textos epistolares:

No conozco el juicio que mereció mi libro al núcleo de intelectuales amigos de Santiago. Le envié el libro a todos aquellos de quienes conseguí la dirección, que no fueron muchos, en Santiago, y en Vigo a varios pero en general no me acusaron recibo y lo comprendo, a mí también me pasa el ir dejando de un día para otro la respuesta a una carta o el acuse de recibo de un envío, lo único que lamento es el no conocer la opinión sincera de ellos aunque en algunos acasos *el realismo que intento y los temas sean del género que muchos tratan de escamotear por ese neo-saudosismo de que hablas en tu carta y que pueden aplicar cómodamente a cualquier problema para no asustarse, o perjudicarse, con su solución racional. Allá ellos.* En el fondo constituye un tipo, aparentemente digno, de conformismo. Los hechos van día a día demostrando el poco valor de esas convicciones y las soluciones va encontrándolas cada colectividad al margen de ellos.¹³

As alusións non deixan espazo á dúbida:

[...] te enviaré tan pronto salga, otro pequeño libro en gallego, *Fardel de eisilado*, dedicado a los emigrantes, donde intento, con una especie

¹³ Carta a Maside datada o 19 de marzo de 1953. A cursiva é miña.

de poemas, dar una visión distinta de la habitual del emigrante, situándola en la emigración dentro de su categoría social y en la historia del país en que se establecieron. No sé cómo pueden juzgarlo, pero se trata de un intento honrado destinado a señalar una temática extraída de la realidad que nos circunda y traté para ello de usar un idioma severo, en el que se incrustan aquellos argentinismos inevitables por tratarse de los nombres de elementos de la fauna o de la flora o de la historia de este país. Me dirás con sinceridad qué te parece.¹⁴

Aquí estará unha das claves da obra de Seoane, (“realidad que nos circunda”) unha especie de busca da *poesía impura*, tal como a denomina Ernesto Cardenal na súa antoloxía da poesía nicaraguana. Resulta curioso que Seoane realice un triple subliñado destas palabras preliminares do poeta revolucionario:

El exteriorismo es la poesía creada con las imágenes del mundo exterior, el mundo que vemos y palpamos y que es, por lo general, el mundo específico de la poesía. El exteriorismo es la poesía objetiva: narrativa y anecdótica, hecha con los elementos de la vida real y con cosas concretas, con nombres propios y detalles precisos y datos exactos y cifras y hechos y dichos. En fin, es la poesía impura. Poesía que para algunos está más cerca de la prosa que de la poesía y equivocadamente la han llamado “prosaísta” debido a que su temática es tan amplia como la de la prosa.

Esta estética do impuro, este exteriorismo foi a que se problematizou nunha das polémicas maiores do mundo hispánico, no campo literario, e que marca a transición das vangardas estéticas ás vangardas políticas; de aquí a defensa que Seoane e Varela fan da impureza nerudiana, de Alberti e de León Felipe. Esta mesma actitude explica a aparición nos cadros de Seoane do “manisero”, do emigrante, do obreiro que arranxa as vías ferroviarias, dos guerrilleiros, das estampas mariñeiras (mariscadoras) e campesiñas, etc. Representan unha etapa social realista dentro da súa obra e coinciden co seu achegamento ao Partido Comunista como compañeiro de viaxe.

Esta idea tamén o fai coincidir co crítico e poeta inglés Herbert Read, o teórico mellor representado na biblioteca de arte do artista con vinteseis entradas. A idea básica de Read é que a arte é un elemento insubstituíble da experiencia humana que aínda que leva o selo da individualidade está constituída sempre en relación co social.

¹⁴ Carta a Maside datada o 14 de novembro de 1952.

A confrontación co mundo societario e co galeguismo culturalista non están desvencelladas entre si, en efecto, e responden sempre á defensa por parte de Seoane dun proxecto para Galicia baseado nos valores republicanos e galeguistas e que orientará unha boa parte da súa poética artística. Ata poderíamos dicir que estes dous valores, republicano e galeguista, son previos á súa condición de exiliado e explican o sentido, en certo modo, negativo do termo. Seoane *exiliase* da República e do Galeguismo non dunha terra, dunha xeografía sentimental.

Seoane sabía sobradamente, porque traballa durante moitos anos para a comisión de cultura do Centro Galego, que o programa desta institución, folklórico e superficial, non estaba comprometido política e socialmente coa Galicia republicana. Ata tal punto que acaba recibindo a diplomacia franquista e a abdicar dos símbolos galegos e republicanos cando enarbora a bandeira da España franquista con ocasión da visita do buque de guerra *Galicia* no ano 1946. Tampouco Castelao se mantivo á marxe, como xa sabemos, desta guerra das bandeiras porque non era unha anécdota, estaba en xogo unha distinta concepción de Galicia.¹⁵

Neste contexto ideolóxico e non, interesadamente, no carácter colérico de Seoane, temos que atopar o significado doado ás constantes manifestacións epistolares de Seoane, que protesta unha e outra vez das corresponsalías que establece Ramón Piñeiro coa xente do Centro Galego.

Nesta crítica ao culturalismo hai unha implícita alusión á concepción pasiva e, en certo modo, arqueolóxica do pobo. Naquel primeiro texto de Seoane citado aludía á pouca imaxinación dos que soamente se apoiaban na historia e, por conseguinte no pasado, e tiñan abandonado o presente.

Seoane propón un concepto de arte popular afastado de toda imitación rústica por parte das clases poderosas. A arte popular xorde dun desexo de prestar cor e alegría aos obxectos de uso cotián: traxes, louza, alfombras. E, sobre todo, ten unha gran tendencia á abstracción xeométrica, segundo ten defendido o noso artista.

¹⁵ A denominada “guerra das bandeiras” non rematou ata o final da década dos sesenta, sendo presidente da entidade Manuel Mourente. Cómpre salientar que o informe político que Ramón Piñeiro entrega a Perfecto López no ano 1957 xustifica a retirada da insignia republicana porque representa un programa político que xa non existe nin está vixente.

Nos anos cincuenta Seoane estaba metido de cheo no debate entre abstracción e figuración e moi probablemente fora a súa atadura etnocéntrica e popular a que lle impediu que abrazara totalmente a pintura abstracta. Con razón ten manifestado:

A Galicia debo -pienso- casi todo lo que se refiere a mi formación intelectual, que fue haciéndose de cultura popular heredada, consistente en mitos casi olvidados, supersticiones transmitidas, leyendas, y de la cultura de viejos cronicones, tan desacreditados en nuestra época.

Seoane inventou unha iconografía completa que representa a Galicia no século XX, co espírito que viu e recolleu da liberdade creativa de Picasso, Léger ou Torres García.

Certamente a presenza do pobo é sentida para Seoane como fundamental:

Eu pensei sempre que o intelectual ten que estar co seu pobo e tomar posición sempre, comprometerse cos problemas da época, por isto vin a parar, como tantos de toda a península, a Buenos Aires, cando podía ter quedado de abogado, facendo cicais cartos na Coruña, e aínda que se faga esteticismo (unha forma de fuxida e de extremado desterro, decimos nós) que non hai si é natural no escritor, fondamente sentido, e non imitación de franceses de segunda man.¹⁶

Constitúe esta concepción protagonista do pobo como motor da historia, tal como ten sinalado o historiador Barreiro Fernández, un importante punto de diverxencia a respecto da concepción arqueolóxica dos homes do Seminario de Estudos Galegos. Para estes –Risco, Bouza Brey, Cuevillas, etc- o pobo era gardador dunhas esencia que había que rescatar e documentar e debuxar como proba das supervivencias da arte popular galega. Para Seoane, porque a cultura popular non altera o seu código, son os artistas en diálogo permanente co pobo os responsables de abrir as entrañas do misterio. Está o noso artista na mesma posición que nos primeiros anos vinte mantivera Manuel Antonio ante Castelao no seu particular diálogo epistolar.

Non está lonxe Seoane con esta tese sobre o pobo do perfil de intelectual trazado por Gide, Malraux e Sartre, que elaboran un encadeamento de conceptos que forman un sistema de pensamento

¹⁶ Carta a Alonso Montero datada en Buenos Aires, 8 de marzo de 1961.

aplicable tanto ao artístico como ao histórico xa que ambos niveis son parte da buscada comunión do artista co pobo. Así atopamos tres momentos básicos deste razoamento xa adiantados no texto inicial ao ir Seoane na procura da “modificación do seu país e do home en xeral”: a identidade nacional galega ha de ser popular; e esta identidade nacional é unha identidade integrada noutra de tipo maior e universal como é a dos valores culturais; e, por último, esta universalidade ha de manifestarse historicamente na realidade a través da comunión entre todos os seres humanos. Este novo humanismo que encarnan a vida e a obra de Luís Seoane, convérteo no arquetipo do intelectual galego por excelencia¹⁷. Tanto polo seu compromiso ético e moral, como por pretender sempre construír Galicia desde Galicia facendo propostas imaxinativas de cara ao futuro.

Esta tese, así como a elección dos modelos devanditos sitúa a Seoane nunha liña que asume algúns dos postulados marxistas da época non coincidentes desde logo coa postura oficial e dogmática do comunismo soviético. Como compañeiro de viaxe, Seoane asume e entra no debate marxista entre o individuo e a sociedade, curiosamente coincidindo co outro gran debate entre figuración e abstracción, nada afastado destes problemas dos anos cincuenta. Lembremos, entre outras obras, a homenaxe que lles rende aos guerrilleiros nun óleo de 1947 que leva á exposición de Londres.

Dende a perspectiva esencialista e metafísica coa que o culturalismo concibía a Galicia, era a postura de Seoane unha heterodoxia incompatible coa nosa cultura que, sumada ao seu achegamento á masonería nos primeiros anos corenta, conformaban un espírito de difícil asimilación.

Como consecuencia deste enfrontamento co mundo societario e co galeguismo culturalista que representa Ramón Piñeiro, Seoane buscará acubillarse no incesante traballo artístico e na amizade con algúns amigos na procura de comunicación co pobo e de recoñecemento

¹⁷ A palabra *intelectual* é unha noción do século XX, quere tamén subliñar o novo home, distinto do sabio medieval, do humanista renacentista ou do ilustrado do XVIII, pero pode ser considerado herdeiro do humanista ou do ilustrado. Neste senso o intelectual inscríbese na gran corrente racional e laica da historia occidental; os seus fundamentos aséntanse, por unha parte, no espírito crítico -que disipa supersticións e mitos- e por outra na afirmación dos principios universais que son os da razón. E comparte co humanista a valoración da palabra como instrumento da razón e da linguaxe, que ha de conquistarse, como panca da liberdade (Vid. F. Rico, *El sueño del humanismo. De Petrarca a Erasmo*. Madrid, 1993, p. 171.)

á súa obra, única forma de anoarse á terra e non padecer o segundo exilio de verse postergado culturalmente.

Desde este angular atlántico co que Seoane contempla Galicia e o mundo cómpre, por conseguinte, manifestar que a feliz fecundidade artística de Seoane nace arredor do sentimento exílico, do sentimento de soidade que leva ao noso artista ao traballo como forxa dunha moral que loita por acadar os horizontes do seu pobo. Así as continuas referencias ao illamento convértense nunha metáfora da condición do exiliado:

[...] isolado, a maior ambición que teño é precisamente que a miña obra sexa conosciada nesa, pois toda ela está feita e pensada pra Galiza dende unha cibdade, onde si ben atopei un crima propicio pra o desenrolo do meu arte e onde cada día acrescéntase o meu prestixio, non eisiste unha realidade cuia simpatía téñame engadado, nin estímulo sensibel algún pra o que eu fago. Toda ela coma ti viches está feita de lembranzas, pensada con paixón na terra, cos desexos afervoados de voltar algún día pra atopar nela a miña xustificación defiñitiva.¹⁸

A soidade toma matices e tinturas especiais no caso do noso artista, que se decata que está todo por facer con respecto a Galicia e esta urxencia creadora acaba formando parte da súa poética artística. E outra vez Seoane loitando por non sufrir a segunda expulsión, a da historia.

O camiño que ten que percorrer Seoane no exilio, pola contra doutros artistas recoñecidos e donos dos recursos expresivos nunha arte normalizada, esixiralle unha teimosa entrega ao traballo que, á súa vez, irá forzando unha moral e un compromiso co seu pobo, ao que estaba dedicado a obra.

Lembremos que Seoane exercía a avogacía na Coruña nos anos da República, cando Cunqueiro o reclamaba insistentemente como pintor poñéndolle no enderezo das cartas que lle dirixía “debuxante (abogado non)”. Cando chega á Arxentina tarda moitos anos aínda en facer a súa primeira exposición individual e vive das súas colaboracións como ilustrador e como vocal adscrito ao Centro Galego.

Cando fai a primeira mostra individual de certa importancia na galería Amauta, ten xa 35 anos, tardío xa que logo o seu acceso ao mundo artístico.

¹⁸ Carta a García-Sabell en 1954.

Seoane loita en Buenos Aires pola memoria do pasado e loita por acadar os medios expresivos necesarios para facelo con dignidade. Esta dobre loita, converte a Seoane, inicialmente, nun francotirador, un home sen xeración na que acubillarse nin aquí nin alí:

Pertenezco a la que podríamos denominar *generación inoportuna*, nacida fuera de tiempo, cuando el mundo iniciaba sus transformaciones y en nuestros hogares heredábamos una moral antigua que nos situó para siempre fuera del tiempo.¹⁹

Consciente o noso artista do desamparo do seu discurso artístico por estar afastado dese receptor a quen dirixe a súa obra, tenta unha e outra vez comunicarse e recoñecerse nas virtudes do pobo e deste xeito recoñecerse como galego. Son moitos os camiños polos que entra para acadar o recoñecemento para a súa identidade artística.

Este afán por ser incluído, de non ser apartado, non responde tanto a pretensións de egolatría artística como a ser recoñecido como artista galego, formar parte da súa historia, decisión que supoñía para el un problema crucial.

Nun mar de dúbidas da súa existencia, Seoane decide seguir loitando e decide reafirmarse, ante a pregunta inevitable da recepción da súa obra, na súa condición de galego, de fidelidade ao seu idioma e á súa cultura e aos principios de liberdade do republicanismo. Esta firmeza está avalada por infinidade de textos epistolares, textos autobiográficos que avalan as palabras de Francisco Ayala ao considerar a Seoane “o máis exiliado de tódolos galegos”. E fixo de Galicia, da guerra civil e do seu exilio asunto principal das súas preocupacións. Seoane quixo vivirse a si mesmo como galego e como exiliado. Librementemente decidido.

Neste contexto temos que entender as reivindicacións do noso artista como unha afirmación da súa propia personalidade, dimensión existencial que supera calquera pretensión de creto artístico ou recoñecemento social.

Estamos a principios da década dos cincuenta, xa o exilio deixara de ser unha condición eventual do home refuxiado para converterse en condición natural do artista. E a extrema soidade leva a Seoane a buscar as súas raíces na lingua. Ser poeta, que el confesa ser un complemento expresivo da pintura, e terse descuberto fóra do mundo, estranxeiro e alleo; escribir poesía é, como mostrou o Romanticismo, buscar unha

¹⁹ Notas manuscritas inéditas de Seoane nun calendario de 1974. A cursiva é miña.

reconciliación co mundo. Na procura do reencontro consigo mesmo e co mundo que o rodea, chega o seu libro *Fardel de eisilado*. E a poesía faille visualizar todo o pasado, repasar a vida.

Confía Seoane en que a través da palabra poética poderá transmitir de xeito máis directo os seus sentimentos irrenunciáveis, coñecedor da importancia que a poesía tivo no nacemento do galeguismo. E lanza cartas coma mensaxes de socorro, contestando á recepción do seu libro coa actitude de quen peta ás portas, non para pedir pan, senón o recoñecemento da dignidade acadada na loita.

Agradézolle moito, fundamente, as verbas de alento pol-os meus poemas e dibuxos. Das opinións que sober de *Fardel de eisilado* poidera eu estimar máis, a súa é unha das que distingo por vir dun home coma vostede que consagrou a súa vida e talento á causa de Galiza e dos homes de Galiza, por enriba de calquer cativo prexuício e sin medos mexiriqueiros.

Agradézolle tamén a lembranza que fai nas súas liñas de Anxel Casal a quen tanto debemos todos, un home xeneroso e puro cuia morte non ha de esquecerse.

Os meus poemas e todo canto fixen nesta, a pesares da súa cativez, están consagrados aos que coma el caeron na terra ou que viven diñamente unha vida arredada i-espiritualmente ceibes nela. Eu formo parte de aqueles que vivimos esquecidos e soñando en Galiza, lonxe dela e sin atopar acougo. Mais sentimos o orgullo de vostede e do noso povo.

Nesta liña, diralle a Xesús Carro en carta datada o 19 de marzo de 1953, despois de terlle enviado o seu libro de poemas.

Tan consciente é da súa loita e da posible malinterpretación da mesma, que quere que a súa poética se entenda como encarnada nos problemas sociais de Galicia e non renuncia, unha vez máis, á crítica do culturalismo evasivo:

Agradezo moito as verbas de alento que me fixo chegar pola súa carta co gallo de ter recibido o meu *Fardel de eisilado*. Creo ter feito un libro sinceiro, no que intentei concederlle máis importancia á anguria colectiva que á propia, neste intre en que os modelos da máis moza xente galega son aqueles que buscan máis ben eispresar o contrario, e síntome por moi premiado e satisfeito anque os escritores galegos coma_vostede que eu estimo fundamente pola súa obra e aitude tiveran atopado nel algún mérito. Tratei de continuar, coas

miñas limitacións, a liña temática dos precursores que eu supoño moi esquecidos de aqueles que se agachan nun neo-saudosismo cómodo e que atopan de mal gusto falar do que acontece acarón de un.

Comunicáballo por carta datada o 19 de marzo de 1953 a Alberto Vilanova.

Empeza a ter presenza nestas cartas a importancia do receptor da obra do artista e así escribíalle a Manuel Fabeiro na mesma data de 1953:

Benquerido irmán e amigo: Recibín a súa carta e coa primeira o artigo sobor do meu libro que lle agradezo fondamente, e así coma as verbas de estímulo que me adica. Pra os que estamos lonxe da terra teñen elas un considerábel valor pois a nosa anguria é vivir nesta soedade, neste deserto pra as nosas inxedanzas, sin que a nosa laboura poda chegar a ter, por modesta que sexa, a resoancia nese povo ao que toda ela está adicada. Agradézolle moito as súas verbas, quizais eisaxeradas pola súa simpatía, o seu alento.

Neste ir ao encontro de Galicia que supón *Fardel de eisilado* foron realmente turbadores e decepcionantes a acollida e o escaso eco que recibiu o libro, despois dun total de dezanove envíos, a pesar do afán do autor por espallalo e divulgalo. Seoane acaba comprobando que é un estraño ata para aqueles que o poden coñecer mellor, sen máscaras de ningún tipo.

Porque da mesma maneira que hai unha moral e unha ética no campo da creación, tamén hai outra ética e outra moral no campo da recepción. En definitiva, todo encontro (toda obra poética comporta un encontro, a non ser nos casos en que se rompa o poema sen comunicalo), como instrumento de comunicación comporta tamén unha moral. Estamos, en definitiva, no campo da ética da recepción. E tal ética supón o que G. Steiner²⁰ denomina unhas certas cerimoniais de aproximación ritual chamadas cortesía e confianza. O autor de *Fardel de eisilado* estaba chamando ás portas correndo o risco de que estas non se abran coa confianza e a cortesía esperadas. Estas, en efecto, foron decepcionantes nalgunha ocasión. Tal é o caso evidente do silencio inicial ante esta obra poética ou a máis polémica recepción que tivo por parte de Ramón Piñeiro *A Soldadeira* poucos anos despois.

²⁰ Steiner George. *Presencias reais*. Destino, Barcelona, 1989, p. 182 e ss.

No medio desta soidade, como xa dixemos, Luís Seoane refúxiase no traballo artístico, no diálogo amigable e na faceta tan extraordinaria como descoidada pola crítica, de promotor. Esta función tan importante de dinamizar e facer proxectos e propostas está intimamente vinculada á súa relación fraternal cun grupo numeroso de persoas unidas por medio dun diálogo constante e dun intercambio de experiencias que a todos estimula e conforta. Esta relación é unha creación máis de Luís Seoane, que pon de manifesto a súa capacidade de convocatoria e de diálogo. Estes encontros, fértil acubillo para Seoane, constituíron unha auténtica entrega e solidariedade con xentes de toda condición coas que afondou en temas diversos con emotiva identificación.

Entre estes amigos, “esa compañía itinerante”, salientamos en primeiro lugar o núcleo dos exiliados galegos con Lorenzo Varela, Dieste, Antonio Baltar e Otero Espasandín, Arturo Cuadrado e Laxeiro, extensivo a Rafael Alberti, M^a Teresa León, Francisco Ayala ou Gómez de la Serna, o editor Joan Merli, etc.; en segundo lugar un grupo de artistas e intelectuais arxentinos, como N. Frontini, Luís Baudizzone e a súa muller, Lidia Besouchet, Manuel Mújica Lainez o autor de *Bomarzo* (1962), William Shand, o crítico Romero Brest, Eduardo Jonquieres, Romualdo Brugheti, o historiador Luís Romero ou o mesmo Cortázar, que se inicia como narrador nas páxinas de *Correo Literario*. Menos coñecidos entre nós é un núcleo de amigos que conformaban a colonia xudía arxentina e que pertencían á elite cultural do país. Un grupo significativo destes amigos xudeus procedían das provincias de Santa Fe e Entre Ríos. Os seus antepasados, de orixe eslava –polacos e rusos– foran chamados a Arxentina polo barón Hirsch para colonizar grandes extensións de terra nas devanditas provincias arxentinas. Esta orixe tiña o íntimo amigo de Seoane, Simón Scheimberg e a súa dona, Aida. Este avogado, que traballaba para o banco internacional xudeu chegou a ter unha das máis importantes coleccións de arte da Arxentina, da que fixo doazón á súa morte ao Museo Nacional. Tamén de orixe xudeu eran Roberto e Luisa Kauffman, que figuran no epistolario de Seoane de xeito destacado e que compartían amizade cos Scheimberg. Temos que engadir a este círculo de amigos os nomes de Lipa e Esther Burd, pintor el e médica ela; ao crítico de arte Singward Bloond, os escritores Betina Edelberg e Lehmann Edelberg, editados en *Botella al Mar*; tamén o arquitecto Enrique Golstein, ou o influente periodista Gerchunof, de *La Nación* e *La Prensa*, que procedía de Santa Fe. Unha filla deste, Rosa Esther Gerchunof, estaba casada co crítico de arte Julio Payró, que se ten ocupado da obra artística de Luís Seoane.

Era así mesmo de orixe xudía o arquitecto José Aslan que traballaba con Ezcurra (de orixe vasca) e ambos proxectaron as galerías Pacífico, inauguradas en 1946, con murais de Spilimbergo, Colmeiro, Urruchúa, Castagnino, Berni e Luís Falcini. En fin, Bernardo Sofovich, irmán de Sofía, a muller de Gómez de la Serna, era un prestixioso avogado que tiña unha casa de campo en Ranelagh e serviu de intermediario para que tamén compraran os Seoane a cambio de 92 óleos de diferentes tamaños. E non poderíamos rematar esta relación tumultuosa, sen mencionar a un participante nos faladoiros e colaborador –foi accionista e cofundador da editorial *Citania*- o enxeñeiro Diego Díaz Dorado, devoto de Seoane e asistente a un faladoiro dominical no domicilio do artista.

Non é esta unha relación de nomes sen significado na vida de Luís Seoane se valoramos a complicidade intelectual que ao longo de centos de cartas cruzadas entre eles figuran nos arquivos do pintor onde tratan temas de arquitectura, pintura, cine, arte abstracto, expresionismo, manchismo, teatro, a cidade como encontro e descubrimento humano, etc. Foron tamén os que lle fixeron habitable e familiar a gran cidade de Buenos Aires nos momentos de desalento, cando Seoane sufría a urbe como unha gran ferida de rostros sen miradas.

En Galicia tiña unha serie de correspondentes epistolares - Fernández del Riego, Maside, García-Sabell, Ramón Piñeiro e, a partir de 1956, tamén Isaac Díaz Pardo- que eran unha especie de cordón umbilical coa súa patria; a eles recorría cando necesitaba material para as súas publicacións, eran tamén colaboradores habituais das mesmas e cumprían certamente cada un deles distintas misións con respecto a Galicia porque distintas eran tamén as funcións e responsabilidades que tiñan asumido co seu país.

Nos anos cincuenta, xusto despois do envío aos amigos da súa obra *Fardel de eisiliado* (1952), Seoane estaba a pasar un momento moi difícil: en primeiro lugar, estaba a sufrir a tremenda decepción que representou o remate da guerra mundial que trocou en desesperanza o que se presentía como liberación. Ata ese momento, estivo Seoane tentando restaurar o baleiro cultural que o franquismo provocaba en Galicia: espírito crítico e reivindicativo, edición de libros e revistas galegos, promover empresas culturais e creativas... todo encamiñado a remediar, con carácter provisional, a situación provocada pola falta de liberdades. Tan provisional era todo que ata non se procuraron medios de vida estables, nin fogar duradeiro. Nestas condicións, agravadas na Arxentina pola chegada ao poder do peronismo, Seoane empeza a

quedar só, porque Dieste está en Europa, Lorenzo Varela no Uruguai, Espasandín xa leva varios anos en Estados Unidos, Colmeiro abre estudo en París e Antonio Baltar anda afastado da civilización, por Neuquén, na Patagonia.

Agora ben, entre as moitas actitudes que adoptaron os exiliados da guerra civil, Seoane refugou da actitude nostálgica e pouco combativa que outros escolleron, para optar pola postura máis reivindicativa, de ansias de loita contra dos causantes da súa expulsión. Converterá así a súa obra nunha arma de loita e de reconquista duns ideais. Este sentimento combativo endexamais renunciará a recobrar a patria perdida, con esperanza reformista e revolucionaria. Como exiliado que aspira a volver Seoane defende sen reparos a súa nación contra ataques de terceiros, recrea a súa patria en terra allea e acaba modelándoa á medida dos seus ideais.

A Luís Seoane esta situación, coma a outros exiliados, sérvelle de estímulo e de reforzo ante a sensación de habitar un mundo que non lle corresponde, hostil en definitiva. O exilio potencia no noso artista a precisión de manifestar a relación imposible entre o escritor e o medio social, que está no fundamento de todo artista verdadeiro. O seu interlocutor e confidente en materia artística é, como non podía ser doutra maneira, Maside, a quen Seoane reconecerá sempre como mestre:

Ahí trabajáis y vuestro trabajo aún en silencio tiene un destino, nosotros si lo hacemos ya no tenemos un pueblo con el que comunicarnos y entendernos y toda la vida del artista y del escritor ha estado destinada siempre a establecer un lenguaje con su pueblo, con la historia y la tradición de su pueblo, con todo lo que él ama y odia.

Outro aspecto importante da poética exílica de Luís Seoane atopámolo nas resonancias morais do seu discurso, case que unha obriga imposta para explicar a súa situación de sacrificio e de desequilibrio na que se encontra. O exilio, que nace do compromiso, é un acto político e, como tal, xera unha actitude moral que case sempre permaneceu nun segundo plano, incapaz de traspasar certos límites ideolóxicos. Este matiz moral do discurso do expatriado sempre se sente como distante e trivial ante a barreira imposta polos que forzaron o desterro. Nos textos epistolares de Seoane tamén podemos entrever este discurso moral, tinguido en moitas ocasións dun certo ton de superioridade.

Estas palabras de Luís Seoane, pódennos anticipar a intencionalidade moral e ata procesal que animaron, como integrante dun proceso reconstrutor, boa parte da obra do artista:

Sei que meu libro “Fardel de eisilado” tivo da súa parte unha boa acollida. Eu penso que unha obra artística pode aínda tentado as maiores audacias , non renegar do home e da terra, e pola miña parte pintando e escribindo non quero deixar de facelo. Penso que na calidade da obra péchase tamén a condición moral do home que a fai.²¹

Todos conocemos muy bien las reglas políticas y la bondad de los fines pero hay que empezar a cuidarse de los medios. Con procedimientos injustos e inmorales no se pueden alcanzar nunca buenos fines. Quizá esto sea medoevalismo, pequeño busguesismo o lo que quieran, pero por mi parte nunca me dio por defender a los poderosos de cualquier género ni a los policías de ideales. Pienso que no hay que olvidar, ya que si la justicia debe tener venda en los ojos, también debe tener memoria y nunca se hizo justicia sin que se hiciese antes historia, no otra cosa significa la exposición de hechos de cualquier proceso.²²

Emporiso a superioridade que o noso artista se atribúe fronte aos que viven en Galicia, baixo a aparencia dun discurso estético, amosa aspectos morais evidentes:

La sensación que tenemos aquí es que la generación que comenzó a manifestarse en literatura y arte por el año 30 aproximadamente no ha sido superada. Que toda inquietud fue detenida...²³

que se manifestan claramente nestas palabras que dirixe a García-Sabell:

Cicais a nosa soidade e a vosa soidade e a nosa limpeza moral que tiñamos achegado nunha época da nosa mocidade fixo o miragre. Qué ledicia pra nós comprobar que a nosa xeneración non se tiña estragado e que mantiña unha continuidade e unha unidade máis outa esprovada na universidade.

²¹ Carta a Rodrigues Lapa, datada en Buenos Aires o 24 de xaneiro de 1956.

²² Carta de Seoane a Simón Scheinberg, datada en Buenos Aires o 18 de xullo de 1958.

²³ Carta a Fernández del del Riego, do ano 1951.

Pero, como vemos, este compromiso moral do discurso exílico de Seoane non queda limitado á esfera individual e traslada estes valores ao grupo, á xeración, nun intento, en definitiva, de transfusión e aínda confusión de si mesmo, do eu, nos demais. En definitiva, unha concepción do feito xeracional que non se limita a circunstancias biolóxicas de idade senón que se presenta a xeración como un compromiso ético cun pobo. Coida o noso artista que as escolas e tendencias foron sempre establecidas polos historiadores da cultura, que case nunca acertan como lles ocorreu aos artistas concretos que daban a Picasso por acabado arredor dos anos sesenta²⁴.

Nun acto de solidariedade pero tamén de autoprotección, Seoane quere compartir uns valores xeracionais cos que se identifica cos seus amigos recoñecéndolles, xa que logo, certa capacidade transgresora tendo en conta que viven a maioría na España franquista. E recoñece ao mesmo tempo as dificultades do exilio interior no que viven estes amigos, portadores duns valores comúns:

Contigo viñeron á miña memoria moitos feitos senón esquecidos, durmidos en min, os días coas noites compostelanas, os nosos soños de estudantes, esa rebeldía crara que caracterizou a nosa xeneración i ese amor obrigado, teñen de reconocernos. A nosa foi unha xeneración soberba, da que algún día terá de facerse historia. Trocamos en moitos anos moitas cousas que parecían eternas e loitamos contra isa senelidade que parecía estusigalo todo. Aínda o noso fracaso como xeneración si eisiste, ten unha grandeza pouco común dada pol-as circunstancias que nos tocou vivir.²⁵

Así, cando Luís Seoane fai unha teimuda defensa xeracional non soamente está a reivindicar un protagonismo que se lle negou senón que está a insistir nuns valores morais e nun compromiso que aparece cando despide na súa casa unha parella de mozos que marchan para Cuba porque queren aprender e vivir a súa revolución²⁶; ou cando define a Kathe Kollwitz como a voz dos pobos sacrificados, cando comenta a obra de T.H. Heine, director da revista *Simplicissimus*, morto no desterro e a compara coa de Castelao e Bagaría, cando toma contacto co grupo Brais Pinto en Madrid e co grupo comunista de Celaya e López Pacheco na mesma cidade²⁷,

²⁴ Carta a Perla e Enrique Rotzait datada o 5 de abril de 1960.

²⁵ Carta a García-Sabell datada o 10 de febreiro de 1954.

²⁶ Carta a Esther e Lipa Burd, datada o 27-II-1960

²⁷ Carta a Isidro Maiztegui, datada o 2 de outubro de 1961.

cando lamenta o cambio de rumbo migratorio dos galegos de América, traballo e liberdade, cara a Europa, explotación e maquinismo, cando artella proxectos para unha escola de deseño e para reestruturar o mundo artesanal e popular de Galicia, etc.

Xa intuía Seoane, ou era sabedor, por volta de 1954 que a nosa historiografía cultural non contemplaba nada máis alá da xeración *Nós*. Por este motivo avisa a Fernández del Riego da necesidade de incluír na nómina artístico-literaria aos máis novos:

En tu plan de conferencias que en principio se acordó que fuesen solamente cuatro, creo que sería necesario una que tratase el movimiento cultural gallego a través de las últimas generaciones, sin excluir naturalmente a los que están fuera. Esto es muy importante, nos hace mucha falta una labor de exaltación de los actuales valores gallegos, pues quizá por el tipo de labor que los escritores y artistas en general vinieron realizando, luego de la generación de "Nós", de carácter más estrictamente intelectual y minorista, sus nombres no son populares.

Con razón, temía Seoane converterse nun barco fantasma, algo que se ve coma remotamente entre néboas e, pasado o tempo, a súa obra será xulgada friamente sen ter en conta as circunstancias adversas e solitarias nas que se creou²⁸. Cando apela á súa xeración non deixa de ser outra chamada a unha porta para entrar na historia do seu país.

Pero xustamente en 1953, cando certos silencios fan agromar desconfianzas, chega a Buenos Aires, invitado polo Centro Galego Domingo García-Sabell que impartirá varias conferencias e será agasallado pola colectividade. Non é alleo, neste momento, o propio Seoane a esta invitación como non o será para o ano seguinte de 1954, que visitará Buenos Aires co mesmo fin Fernández del Riego. Estas visitas chegan nun momento de gran desalento por parte do exilio en xeral por mor do illamento co seu público que leva á crenza de que están borrados do mapa cultural do seu país e tampouco acaba de ter eco en xeral a súa obra nos países de acollida.

Pero no ano 1953 e despois dunha coñecida polémica entre Robert G. Mead²⁹ e Julián Marías³⁰, comentada tamén por Guillermo

²⁸ Carta a Ricardo Muñoz Suay, datada o 11 de decembro de 1961

²⁹ Mead, Robert G. "Dictatorship and Literature in the Spanish World" en *Books Abroad*, 1951

³⁰ Marías, Julián. "Spain is in Europe" en *Books Abroad*, 1952.

de Torre, José Luís Aranguren escribe un artigo na revista *Cuadernos Hispanoamericanos*³¹ titulado “La evolución espiritual de los intelectuales españoles en la emigración” coa confesada intención de falar e dialogar cos intelectuais emigrados. Como Torrente Ballester³² anos atrás, Aranguren é consciente da importancia das figuras que marcharon e considera urxente o restablecemento dun diálogo que sirva de ponte máis alá das diferenzas políticas. A esta polémica mediadora teremos que engadir a revista *Ínsula*, a primeira en acoller entre as súas páxinas algún comentario a obras publicadas no exilio, ademais dun monográfico á cultura galega no ano 1959 no que figuran ilustracións de Seoane preto do anuncio da editorial *Citania*. Lembremos que por estas mesmas datas e con ocasión de ter recibido o libro de Seoane *Fardel de eisiliado* publican recensións sobre o poemario Varela Jácome, Rabanal, Fernández del Riego en máis de sete ocasións, Rabanal algo máis tarde, entre outros, no xornal *La Noche* de Santiago. Este mínimo intento de diálogo co noso exilio coincide co propiciado polo denominado Ministerio Ruíz Giménez (1951-1956) onde se intenta unha liberalización intelectual protagonizada por unha serie de profesores universitarios practicantes dun humanismo cristián ao que estaba moi vinculado, como xa temos dito, o propio García-Sabell.

Será, en efecto, García-Sabell o gran mediador e propiciador do diálogo de Seoane con Galicia a través do seu encontro en Buenos Aires, iniciando deste xeito unha amizade que durará, invariable, ata o fin das súas vidas. Un fito sobranceiro deste diálogo será a publicación, por parte de García-Sabell, da primeira monografía que se lle dedica a Seoane en Galicia.

Pero antes xa da publicación da primeira monografía sobre a súa obra, durante a súa estancia en Buenos Aires faille entrega da obra de Castelao *Os vellos non deben de namorarse* (Galaxia, 1953) con esta significativa dedicatoria asinada en Buenos Aires (28-VII-1953):

Luís Seoane ten a mirada limpa e o peito nobre. Por iso se lle adica iste libro. Luís Seoane é un grande creador. Por iso se lle adica iste libro. Luís Seoane é a esencia i a fror da Galiza. Por iso lle adican iste libro uns homes que aspiran a sere tamén escuma e fror.

³¹ Aranguren, José Luís. “La evolución espiritual de los intelectuales españoles en la emigración” en *Cuadernos Hispanoamericanos*, Madrid, 38, febrero 1953, pp. 157 y ss.

³² Torrente Ballester, Gonzalo. “Presencia en América de la España fugitiva” en *Tajo* (3 de agosto, 1940).

Un fato de homes galegos que levan a Luís Seoane no fondo máis fondo do seu corazón.

Se observamos o plural e a referencia a un “fato de homes”, semella que García-Sabell está a facer entrega dunha mensaxe de recoñecemento colectivo, procedente, non do pobo, naturalmente, senón do grupo editor da obra. E parece responder tamén ás reservas que Seoane dirixe a Piñeiro con certo ton reivindicativo un ano antes:

Pra min recibir a túa carta despois de tantos anos de ter novas cuasi perdidas túas, constituíu un contento como non podeades ter idea os que n-esa vivides. Eiquí estamos isolados traballando, como podemos, facendo máis do que podemos en medio d-este enorme engano. Pol-a nosa parte temos a orgullo afirmar que soios fixemos tanto por Galicia en doce anos como toda a colectividade xunta n-ese mesmo tempo, aínda que ahí pensades outras cousas xa que non tedes máis informazón que as nosas corresponsalías en Bos Aires e aos viaxeiros, os que poidan ir a esa por inocuos.³³

O papel de mediación do amigo entre o autor e o público ao que se dirixe non ten nada que ver coa vaidade literaria senón que máis ben obedece a unha esixencia interna de toda obra de arte que soamente acada cumprimento cabal na lectura ou na contemplación. E García-Sabell coa súa mediación persoal deu cumprimento á aspiración do creador de comunicarse co seu público. E non chegaría a facelo se non fose pola mediación; isto explica que se coñecese e se dialogase sobre a obra de Seoane entre esa minoría antes de chegar moito despois ao gran público.

Seoane séntese tan confortado co labor mediador de García-Sabell, que son constantes as mostras de afecto que lle dedica ao longo da súa vida. E este agradecemento levarao a consultarlle aspectos moi importantes da súa vida. Xuntos chegan a proxectar a creación dunha editorial para bibliófilos na que tería cabida tamén un amplo estudo sobre o conxunto da obra de Seoane, tirado dos moitos apuntamentos que García-Sabell ía recollendo nun caderno. O plano contempla como inmediata a edición do *Ciprianillo*, con prólogo do amigo médico e gravados en madeira do artista e unha tirada de 200 exemplares.

Seoane sempre foi consciente de que esta canle mediadora era de vital importancia para comunicarse co seu pobo: “Teño a sensación de que pol-o teu estudo atópome xa pra sempre na Terra e que fico pra

³³ Carta a Ramón Piñeiro datada o 19 de febreiro de 1952.

sempre convosco.”, dille emocionado en carta do 9 de febreiro de 1955, despois de ter recibido exemplares do estudo monográfico que García-Sabell lle dedica.

Pero o desexo constante de comunión coa terra lévao a unir coa música o aquí e o alén das súas terras ou a facer seguimento dos comentarios que poida suscitar a monografía de Sabell sobre a súa obra, tal como lle expresa en carta de 18 de xullo de 1959 a Domingo:

Tamén quixera coñecer os comentarios que tiveches da túa monografía sobor da miña obra. Eiquí gustou moitísimo mais non sei ren do que pasou nesa. Ficamos illados de todos. Soios. Pola miña parte xa penso se non serei enfermo ao non tratar de esquecerme de todo o que se refire a Galiza, adicándolle tempo e loitando co seu nome nun mundo alleo.

Movido Seoane polo mesmo afán de comunión, escribe indignado a García-Sabell que xestiona a publicación dun monográfico sobre Galicia da revista *Insula*, unha publicación ponte entre o exilio a pesar do seu título illante. Por iso, en carta a Piñeiro insiste Seoane no esquecemento de Varela, entre outros. A monografía era outra fiestra que non podían desaproveitar os desterrados:

O número de *Insula* paréceme moi ben na casi a súa totalidade menos algún comentario incidental de Landeira, nesa carta que te dirixe, e o artigo de Franco Grande sobor poesía, onde debeu evitar os gustos persoas pra poder ofrecer unha panorámica verdadeira da poesía lírica galega, i eisí non ficarían escruídos algús tan importantes na poesía aitual como Lorenzo Varela e Iglesia Alvariño.

A primeira carta a Sabell ten data de xaneiro de 1953 cando lle encarga que faga de cicerone da familia do galerista Viau en Santiago. E xa o 19 de xuño do mesmo ano lle expresa esta confianza íntima despois de saber a aceptación da invitación da Directiva do Centro Galego de ir a Buenos Aires:

Estarei o primeiro de todos no peirao co soio sentimento de que Dieste está lonxe, xa que con el moi a miudo falábamnos de ti. Buenos Aires ten un intrés sutil, pouco meigoso, que tés de coñecer. Falaremos tamén desto e daquelo que fixemos eiquí, sós, soñando en Galiza. A Cuadrado e a min n-esta povoada soedade enchéronsenos os ollos de bágoas -¿Por qué non o imos a confesar?- ó ler as túas liñas e

lembrar desazados a mocidade nosa perdida, lonxe de todo aquilo que máis queremos.

Días despois cando rememora estes momentos compartidos en Buenos Aires, dille:

Ti non podes maxinar o que foi o teu viaxe pra nós, pra mín máis concretamente, os recordos dormidos, non esquecidos, que despertaron coa túa presenza física, no diálogo contigo, escoitando as túas verbas tan cheas de paixón medida, de amor por todo aquilo que tamén nós queremos e polo que sufrimos lonxe sin outro acougo que o traballo que cada ún de nós podamos facer en homenaxe a esa noso amor. Ti sabes millor que eu que hai doenzas que se curan, mais a nosa doenza feita de lonxanía e de lembranzas gardadas na memoria non teñen cura, e eiquí estamos morrendo día a día en cada liña que dibuxamos, en cada cadro pintado, en cada páxina escrita, esquecidos de todos, isolados no traballo, sufrindo o desvío da terra. Agradecinche a túa presenza, cada minuto que me adicaches, as verbas adicadas a min na túa conferencia que me produxeron a emoción máis outa de cantas sentín endexamáis, porque elas viñan pronunciadas por ti, irmán entrañable, coma si trouxeses a aperta de todos aqueles que quero. Non podo decirche ren máis, ¡xa quedaron tantas cousas sen decir das que quería falarche persoalmente...! Faría falla ter o curazón feito de duro granito para poder falar de elas sen máis, e non poden. O teu viaxe pra todos foi unha fenestra aberta a un paisaxe pechado fai anos, foi a revelación d-unha Galiza apenas cabida e pra mín a confirmazón de que a nosa xeneración rebuldeira e brigada é aínda a primeira, como se anunciaba fai anos nas rúas composteláns. Acarón dos problemas estéticos e do pensamento en xeral, continúan agriollados en nós, con eles, os problemas humanos i en esto derradeiro tamén somos fideles ó noso xeito aos precursores. Cada conferencia túa foi unha obra de arte por como o decías e pol-a fondura do teu pensamento, eu soio sinto que non houbeses tido ademáis do noso púbrico o outro púbrico que Buenos Aires podería ofrecerche e que cicáis pudeches vislumbrar nesa conferencia da Galería Velázquez. Pero pode que inconscientemente tivésemos a necesidade por esta vegada de terte pra nós soios.³⁴

Destá xuntanza xurde a idea de Sabell de facer a xa citada monografía sobre Seoane, que este, recibida a noticia por Del Riego, apresúrase a comunicarlle a súa ledicia ao autor:

Nesta derradeira adiántame a noticia que tiñas de confirmarmo, que me encheu de ledicia e agradecemento, de que

³⁴ Carta a García Sabell de 28 de setembro de 1953.

Galaxia publicaría unha monografía feita por ti sobor da miña pintura³⁵. Agradézoche sinceramente esa nova proba do teu agarimo, sen outro estímulo que a vosa comprensión, isolado, a maior ambición que teño é precisamente que a miña obra sexa conosciada nesa, pois toda ela está feita e pensada pra Galiza dende unha cibdade, onde si ben atopei un crima propicio pra o desenrolo do meu arte e onde cada día acréscentase o meu prestixio, non eisiste unha realidade cuia simpatía téñame engadado, nin estímulo sensibel algún pra o que eu fago. Toda ela coma ti viches está feita de lembranzas, pensada con paixón na terra, cos desexos afervoados de voltar algún día pra atopar nela a miña xustificación definitiva³⁶.

Despois da estancia de Fernández del Riego, no ano 1954, aínda Seoane se dirixe xenerosamente a García-Sabell defendendo a poesía de Lorenzo Varela:

Ti sabes coma vivimos laceirados pol-a lonxanía sen máis conforto que o voso recordo. Calquer noticia vosa é pra nós unha volta á terra. Eiquí lembrámonos dos días que estivéchedes nesta, dos teus éisitos, do novo retorno a ela ao sesgo das túas verbas. Foron días que non esqueceremos endexamáis e que aínda pasando o tempo latexan connosco. Conténtame fondamente que vos tivese gostado o meu novo álbum cas estampas en cores, que a Piñeiro e a ti vou a remitirvos na primeira oportunidade que teña por algunha persona que vaia a isa; en canto ao prezo prégovos non faledes. Por correo é difícil de remesar por tratarse de estampas en follas soltas. De calquera maneira farei o posíbel pra que o teñades, prá miña ledicia, o máis pronto. Tamén estou satisfeito de que vos houbese gostado o libro de Varela. A min parécenme os seus poemas dos millores que se levan publicados na nosa língoa nos derradeiros anos. Agardo impaciente as vosas notas sobor diste libro e quixera que vos fixéseades eco dil na prensa de ahí, que non deixáseades cair en silencio ista obra feita por el cun agarimo alumeado. El estima moito o teu xuicio e o de Piñeiro cuia amizade de mozo non esquece e do que se lembra a cotío. Prégovos fagades o que poidades por este libro, porque é xusto e porque está feito con namoro e xenreira que é coma, ó meu xuicio, se fan as millores obras de arte pol-o menos as millores obras de arte galego³⁷.

³⁵ Publícase , efectivamente, o mesmo ano 1954 co título de *Seoane*, na editorial Galaxia.

³⁶ Carta a García-Sabell de 12 de xaneiro de 1954.

³⁷ Carta a García-Sabell de 20 de outubro de 1954.

O laio persoal non falta, pero esta vez íntimo e secreto pois o poema que escribe non é máis que un desafogo, un grito alongado contra das sistemáticas exclusións do sistema literario galego. Cando intuíndo este esquecemento, que confirma que a expulsión do espazo que significou o exilio leva á expulsión tamén da historia, se atopa que nin Lorenzo Varela nin el figuran na nómina de poetas galegos³⁸, escribe o seu máis extenso poema, inédito, titulado *No más versos, Galicia*, onde a súa amargura se tingue de ironía e desazo:

*Escúchame por última vez.
Soy un hombre, madurado lejos, por violencia separado de ti,
casi desconocido y ausente,
Para siempre apartado de tus caminos
a quien desterraron una vez más
quienes hicieron el balance de tus hijos.
Porque aun nacido de entrañas gallegas
no nací en tu suelo
sino entre emigrantes, en una tierra lejana
donde yacen, vivieron, viven, centenares de miles de tus
hijos.
Pero ellos, historiadores, profesores, redactores de notas
biobibliográficas
lo saben todo
y no encontraron estampado en ningún registro
de juzgado alguno ni en los libros parroquiales
de ninguna iglesia gallega
mi nombre estampado.
Están, eso sí, nombre y apellidos de
padre y madre y registro de boda
pero en ninguna parte constancia del nacimiento de mi amor
por ti.
El nombre del amor a ti, mi tierra de origen
no se estampa en los registros de nacimiento
aunque, como es mi caso,
venga de orígenes remotos.
De aquellos que llevan su apellido
hasta hace sólo dos generaciones en las montañas de Arzúa
y de López, un hidalgo solitario del Pedroso, del siglo XV,
muerto en la conquista de Baeza,*

³⁸ Esta reacción poética de Seoane está provocada, sobre todo, polo artigo de Landeira Irago no número extra que dedica á cultura e literatura galega a revista *Insula* no ano 1959. E tampouco figuran entre os poetas seleccionados por Ramón González Alegre na súa antoloxía publicada en 1959 por Adonais nin Lorenzo Varela, nin Luís Seoane.

*cuyos hijos, y los que siguieron su sangre
tanto hicieron por tu nombre,
hasta mi madre, emigrante con mi padre,
de quienes yo nací.
Gerónimo López el mozo, capitán en México,
fundador de tu casa de Budiño,
nieto de aquel otro López,
ya no soy de tu sangre ni de tu tierra.
Tú, aquel Seoane que fundó la casa de Fruzo, en el siglo XVII,
de quien nacieron tantos hombres de iglesia, hidalgos y labradores,
aquel alto grandote ciego de quien mi padre fue el lazarillo,
y tantos ricos labradores,
yo no soy de esa tierra.
Así lo dijeron unos serios profesores que se
atienen a la letra de los registros de los juzgados y de las
parroquias.
No, no soy de tu suelo.
Pertenezco, ellos lo deciden, a otra tierra.*

A partir de 1960 Seoane viaxará con regularidade a Galicia aproveitando, paseniña e cautelosamente, as exposicións que fai por Europa nun primeiro momento e por España posteriormente. Estas viaxes van supor unha lenta pero imparable integración que, se ben non chegará a consumarse nunca, fan que o seu discurso se refuxie na evasión, que non deixa de ser, segundo sinala Michael Ugarte, un dos indicadores finais do discurso moral do exilio. Por veces entra nunha especie de tránsito místico transportado nas lendas de Galicia:

Al llegar a Galicia uno se olvida del mundo. Nada tiene fecha de origen, tanto el calzado de las campesinas actuales como el dólmen, o el collar de oro que fue, seguramente, de un rey de clan y que acaban de excavar. Me gusta mucho este mar y este viento, el viento que en Coruña acompañó a las invasiones desde la prehistoria, los fenicios que buscaban las islas Casitérides en busca del estaño, las legiones romanas, de hecho galas, que lo enfrentaban invadiendo por tierra tierra, los vikingos, los normandos, los ingleses...

dille a Alberto Girri en 1971 desde Coruña.

E non faltan, en carta dirixida ao mesmo interlocutor en xuño de 1973 esta especie de *laissez faire* afastado do seu discurso exílico combativo:

Pero la gente que tiene menos de cuarenta años, queramos o no, nos guste o no, piensa de un modo distinto a nosotros y tampoco se trata de pasar la vida adaptándose al pensamiento de los más jóvenes. Tú y yo, y los de nuestra generación, tenemos una obra que estamos realizando en la medida que podemos y esto es lo que cuenta. Creo que es a mi edad cuando el pintor, el escritor, etc., se encierra en una torre de marfil y sólo trabaja, se ocupa de su trabajo y de lo rápido que pasa el tiempo. Si tiene suerte puede no tener una torre sino varias torres como Picasso, llevando de una a otra su soledad, su trabajo y su insatisfacción.

Pero Seoane aínda petará nunha última porta na procura de integración no canon artístico galego, na da Academia Galega, pero será sorprendido pola morte cando a estaba a punto de traspasala.

É o caso que a primeira vez que lin as queixas e as críticas de Seoane en contra da Academia Galega, pasei por elas con certa indiferenza:

Eiqué cada un traballa en silencio, coma pode, coma sempre, e dende logo con indiferenza total dos de ahí e cuasi dos de eiquí, o que si ben fai máis escura a nosa laboura, fai máis brillante a prova longa a que nos suxetou o destino. ¿Cántas vidas galegas coma as dos eisilados de hoxe teranse perdido na emigración por culpa dos miopes e indolentes que rexían e rixen a vida cultural galega...! Non falemos da Academia, que aínda nos fai rir co reparto que fixo de tídoos correspondentes en Buenos Aires, senón dos que pretenden coñecer o estado das nosas cousas en América, e América mesma, por correspondencia. Algún día saberase a verdade.³⁹

Confeso que nunha primeira e descoidada lectura valorei estes desafogos epistolares de Seoane en contra da Academia como inscritos nesa nosa tradición de *amar odiando* que de vez en cando axitan con aire de cisma e heterodoxia as tranquilas augas da institución.

Empezaron estas tronadas cismáticas con aquelas “películas académicas” do señor Montero Riguera que chegou a colgar pasquíns polas rúas da Coruña e a editar un libro que ateigou de desacougo algúns anos do noso primeiro presidente.

³⁹ Carta a Díaz Pardo datada o 12 de decembro de 1956.

A escena da heterodoxia adoita repetirse, máis ou menos discretamente cada vez que alguén resulta elixido ou, como di un egregio académico, cada vez que alguén non é elixido: a Academia vólvese nestes intres chea de vellas tradicións, ancorada no pasado, etc. Estes discursos, afortunadamente, que responden ao tópico do *amar odiando* non fan outra cousa que afortalar a institución. Como dicimos aínda hoxe en Rianxo, *cousas da vida por Castelao*.

Pero de seguido me decatei de que a actitude de Seoane non respondía a esta paradoxal forma de eloxio porque era un tema de presenza constante cada vez que se mesturaba co seu permanente desencontro coa colectividade emigrante. As críticas cobran un ton de ofensa cando coa elección como membros numerarios da Academia de Carballo Calero (1957), García-Sabell (1958), Isidro Parga Pondal (1959), Fernández del Riego (1960) e posteriormente de Ramón Piñeiro (1964), que tomará posesión en 1967, considera Seoane que o grupo Galaxia ten influencia dabondo na institución e segue a ignorar o traballo dos exiliados.

E, aínda máis, cando noutra carta do 31 de agosto de 1968, segue a lamentarse do esquecemento da Academia para con el e demais exiliados -Espasandín, Varela, Cuadrado, Baltar-, cando xa Valentín Fernández, Estévez e Molinari acadaron a honra de académicos correspondentes. A maior abastanza, enumera algunha das iniciativas culturais que fomentou e confesa ser consciente de ter cometido unha traizón ao aceptar o nomeamento de académico de número da Academia Nacional de Bellas Artes de Arxentina. A palabra traizón nun home de rexas conviccións e de probada fidelidade tiña que responder a causas máis profundas:

Acepté ser académico de número en la Academia Nacional de Bellas Artes de aquí. Lo hice pensando en Galicia, en la Academia Gallega, en donde jamás fui propuesto para correspondiente, como tampoco Espasandín, Baltar, Varela y Cuadrado y en cambio lo son Valentín Fernández, Estévez, Molinari... Casi veinte años dirigiendo *Galicia*, habiendo editado unos 100 volúmenes de autores gallegos, publicando tres libros de poemas en gallego, una decena de álbumes de dibujos y grabados con temas gallegos. Pintando una gran cantidad de cuadros, también con asuntos gallegos, o casi todos, redactadas casi mil crónicas sobre cuestiones gallegas para la audición *Galicia Emigrante*, revista, etc., no me sirvió para nada en cuanto a los académicos gallegos... En cambio mis exposiciones aquí, sin negar mi galleguidad, sirvió para que me designasen. Acepté por un acto de rencor, porque iba

resultando tanto yo como como los amigos a que antes me refería, sólo los que reciben las bofetadas, que hasta no llegan a merecer el saludo de despedida de C.E. Ferreiro...⁴⁰

Neste contexto de desexo participativo e de comunión coa terra, de pugna por reintegrarse na historia do seu país, Seoane coida importante un aval institucional que o acubille e recoñeza a súa obra. Ante unha universidade que vive de costas ao pobo, ante a desaparición e espolio do Seminario de Estudos Galegos, borrados os vestixios das Irmandades da Fala, a única institución galega capaz de avalar un crédito artístico é, a pesar dos pesares de certas claudicacións inevitables, a Academia Galega. Esta tivera, para sobrevivir, que nomear a Franco, Presidente de Honra e dar entrada como Correspondentes a W. Fernández Flórez (1947), Santiago Montero Díaz (1948), Fraga Iribarne (1950), Enrique Otero Aenlle (1951), etc. E procedentes do mundo societario galego, o outro punto da discordia, a José Blanco Amor (1954), o Padre Rubinos (1954), Ramón D. Villar (1952), Valentín Fernández Génova (1967), Constantino Cabal (1951), Víctor Luís Molinari (1957), Alberto Insua (1957), etc.

A colectividade sempre tivo á Academia entre as súas angueiras patrióticas e sempre deu resposta xenerosa ás demandas da institución nacida no mundo societario da emigración cubana a finais do século XIX. E tamén en Buenos Aires se formou unha Sociedade Protectora que deu colaboración e axuda ata a guerra civil de 1936. E con ocasión da visita do Presidente D. Sebastián Martínez Risco en 1963 ao Centro Galego de Buenos Aires, a colectividade, mobilizada a través do Centro Pontevedrés, recada axuda para o traslado da Academia ao novo casal doado por dona Branca Quiroga Pardo Bazán.

Pero a partir de 1968 cesan os seus ataques á institución coincidindo esta data co seu afastamento definitivo da colectividade e, sobre todo, pola chegada á Academia dos seus compañeiros de xeración, Piñeiro e García-Sabell, ademais de Rafael Dieste, presente Seoane no seu acto de toma de posesión.

Por outro lado temos que valorar que a partir de 1970 Seoane xa empeza a ter unha acreditada presenza na cultura e nos medios de

⁴⁰ Carta a Diaz Pardo de 31 de agosto de 1968.

comunicación a través de exposicións, colaboracións na prensa⁴¹, etc. E segue a regresar cada dous anos a Galicia.

O derradeiro episodio de Luís Seoane coa Real Academia Galega terá lugar no ano 1978 cando o artista e Maruxa, a súa dona, proxectaban, cheos de dúbidas, o regreso definitivo -sempre estiveron a regresar- a Galicia, empezan a cuestionarse o problema dos libros, da súa extensa biblioteca⁴². Despois de máis de corenta anos de exilio os libros non caben no fardel do transterrado que soña con volver. Un problema que parece estar resolto en outubro de 1978, cando Luís e Maruxa se dirixen por carta a García-Sabell, xa Presidente da Academia, nestes termos:

Quero, como ti sabes, donar a miña biblioteca de arte, uns dous mil títulos, á sección de Historia do Arte, da Facultade de Letras de Santiago, e desexo que acepten o donativo. Para ofrecelo e que sexan aceptados debe existir un procedemento que descoñezo. Tamén para que o Consulado interveña no envío, pagando a Universidade ou o Estado os gastos de embarque e traslado. Naturalmente a aduana arxentina poñería dificultades, pois a maioría deses libros son moi valiosos e moitos están agotados.

Entre esta carta esperanzada no regreso e outra que escribe Maruxa Seoane a Isaac Díaz Pardo, de xullo de 1979, ocorrerá o pasamento de Luís -non acabara de regresar- dous meses despois da súa chegada a Galicia. Maruxa, nesta carta a Isaac Díaz Pardo desde Buenos Aires, en soidade, está proxectando a embalaxe dos libros de arte con destino á Real Academia Galega. Coa mesma xenerosidade e entrega ao país pero cun cambio de rumbo no destino, os libros de Seoane -Botella al Mar- dispóñense a viaxar a Galicia. Neste trasacordo tivo moito que ver a opinión e consello de García-Sabell, íntimo amigo do artista e constante interlocutor epistolar.

⁴¹ Lembremos que en xaneiro de 1971 comeza a súa colaboración semanal no xornal *La Voz de Galicia*, coa sección "Figuracións", que se mantén ata 1977, data que Seoane abandona as súas colaboracións en solidariedade pola destitución como director do seu amigo Pillado Rivadulla.

⁴² Unha biblioteca forxada, maiormente, despois dos anos 1950. As causas haberá que buscalas no escaso poder adquisitivo que tiveron Maruxa e Luís ata ese momento, no que empeza moi lentamente a despegar como artista, e tamén nas esperanzas que os nosos transterrados tiñan depositadas no final da guerra europea. Cando comprobaban que non era posible regresar, as bibliotecas medran inevitablemente.

De calquera maneira, e temos que felicitarmonos todos, hoxe temos en Galicia, custodiado por unha institución pública, un legado cultural de gran valor artístico e sentimental⁴³.

O regreso dos libros de arte de Seoane, en viaxe "póstuma e orfa", vai ser tan azarosa como tantas empresas editoriais do exilio que emprendera o seu lector e poseedor. Porque, en efecto, como tivemos ocasión de comprobar, son libros lidos e relidos, subliñados e engurrados, formando parte da vida do lector porque lle deron horas de coñecemento, de gozo, de entretemento e de consolación.

Os libros de arte de Seoane foron "repatriados" -porque viñeron para facer patria, porque os libros teñen esa capacidade -sen axuda oficial. Antes de arribar definitivamente a esta ribeira navegaron por moitos mares do mundo a bordo dun barco capitaneado por Ariel Canzani. Este poeta e navegante nacera en Buenos Aires en 1928, era capitán da Mariña Mercante, director de varias coleccións de poesía - "Vertellos" da editorial Goyanarte, "Cotidal", da editorial Losada, etc- e os seus primeiros libros de poesía -*Viaje al gris* (1958) e *Tatabomba* (1959) tiñan o selo editorial da nosa Botella al Mar⁴⁴.

Cando despois de moitos meses de navegación o azar dos fretes internacionais o achega ás nosas costas galaicas co anónimo cargamento bíblico, unha avaría desvíaa o rumbo do navío ata Bilbao. Desde alí, unha empresa de transportes entrega, debidamente "estibados", na presenza do capitán, os 2.411 libros que hoxe en día constitúen a Biblioteca Luís Seoane da Real Academia Galega.

Deste capitán e poeta, por certo, algo ten que contar, tamén relativo ao comercio clandestino de libros, o coñecido novelista e académico Neira Vilas.

Luís Seoane, que estaba a punto de regresar pero que non acadou esta ribeira definitivamente, estaba a preparar unha monografía sobre a

⁴³ A nosa homenaxe a todos aqueles intelectuais que nun xesto de máxima xenerosidade fixeron doazón da súa biblioteca e obras de arte a institucións públicas que é o mesmo que dicir ao pobo galego. Lembro, e serán moitos máis, ademais de Seoane, a Fermín Penzol, Fernández del Riego, Taboada Chivite, Antón Fraguas, Francisco Pillado, González Garcés, etc.

⁴⁴ Tivemos noticia, a través de Maruxa Seoane do falecemento de Ariel Canzani D., poeta e navegante. O noso agradecemento pola prezada mercancía, que chegou a tempo de entregala e facer a correspondente foto oficial na sede da Real Academia galega. Porque o seu barco chegou aos asteleiros de Ferrol con tempo dabondo. Temos tamén noticia de que este mesmo "arcánxel" náutico foi mediador do comercio libresco entre Neira Vilas e Avilés de Taramancos.

pintura de Carlos Maside que tamén ía ser tema do seu posible e prometido nomeamento como numerario da Real Academia Galega. A súa toma de posesión sería o colofón do libro da súa vida e quería sentirse acompañado polo amigo e mestre de Pontecesures xa falecido

Pouco antes, en 1977, non aceptou o nomeamento de Senador Real alegando que era republicano. Pero quería ser académico para sentirse acubillado por unha institución galega da que, por certo, recibiu, *post mortem*, a medalla acreditativa, depositada hoxe entre os fondos legados á Fundación que leva o seu nome. Desexaba ser académico porque, como D. Antonio Machado, que tampouco chegou a ler o seu discurso académico de ingreso, Seoane tiña unha alta idea da nosa Academia á que recoñecía forza lexitimadora, tanto polas súas orixes como pola necesidade da nosa cultura de institucións que perduren no tempo.

Vintecinco anos despois do pasamento de Luís Seoane ocorrido na Coruña na madrugada do día 5 de abril de 1979, quero, a punto de ser acollido xenerosamente na Real Academia Galega, invocar o nome e a obra deste pai da patria coa certeza de que lle tería correspondido dirixirse a vostedes, señor Presidente e señores académicos, con máis xustiza que a min. Moitas grazas.

RESPOSTA

DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON
XESÚS ALONSO MONTERO

Excmo. Sr. Presidente da Real Academia Galega; benqueridos e benqueridas colegas de Corporación; Excmo. Sr. Alcalde de Rianxo, don Pedro Piñeiro Hermida; veciñas e veciños deste ilustre Concello, miñas donas e meus señores:

Teño a honra de apadriñar, neste acto, o ingreso, como membro numerario da Real Academia Galega, de don Xosé Luís Axeitos Agrelo: do profesor e do investigador Axeitos Agrelo. Esta honra, que me enchería de ledicia merecer, implica a obriga, pola miña parte, de facer unha incursión na biografía intelectual do novo académico, incursión da que eu debería regresar coas noticias precisas que expoñan diante de vostedes o seu perfil cultural e o seu curriculum no eido dos estudos literarios.

* * *

Se houbera que sinalar unha faceta intelectual do profesor Axeitos, calquera estudoso das nosas Letras sinalaría, e subliñaría, a súa condición de investigador –e editor- das páxinas literarias dos nosos exiliados republicanos, un dos capítulos máis gloriosos do discurso intelectual e literario galegos. Cómpre advertir, sen embargo, que a obra do profesor Axeitos, como estudoso do feito literario galego, abrangue outras parcelas, aínda que o investigador privilexie, con frecuencia, as Letras galegas do exilio republicano. Eu tratarei de asomarme, tamén, a estas outras investigacións, e fareino, cando Clío así o aconselle, relacionando a bibliografía do novo académico coa súa persoal biografía.

Porque cómpre termos en conta, miñas donas e meus señores, que Xosé Luís Axeitos non se estreou, como estudoso, debuzándose sobre as páxinas de Castelao ou Rafael Dieste. De feito, o seu primeiro traballo de entidade versou sobre a figura do P. Sarmiento, concretamente sobre as súas coplas galegas. O traballo, presentado na Universidade de Salamanca como Memoria de Licenciatura en 1977 (hai 32 anos), foi dirixido polo profesor José Luis Pensado Tomé. Na Facultade salmantina de Filosofía e Letras, Xosé Luís Axeitos non só asistiu ás clases de Lingüística Románica do profesor Pensado senón que recibiu deste ilustre investigador orientacións constantes en non poucos temas da Lingüística galega, especialmente os relacionados coa xigantesca figura do P. Sarmiento. De aí a súa tesiña e de aí un

dos seus primeiros traballos nunha revista académica: “Las coplas gallegas del P. Sarmiento: un supuesto continuador” (*Verba*, nº. 5, 1978). Hai que recoñecer que a cuestión era unha miguiña ousada para quen se estreaba como investigador. Tres anos antes, un excelente sarmientólogo, o profesor Xosé Filgueira Valverde, publicara en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 107 coplas novas, corpus que completaría o cantigueiro sarmentiano das 1.200 coñecidas. Xosé Luís Axeitos, pese á “auctoritas” de don Xosé Filgueira, non concorda, e aduce razóns convincentes para non atribuír esas 107 coplas á pluma do ilustre frade bieito. Investigadores recentes, como Ramón Mariño Paz, danlle a razón ós argumentos apuntados polo profesor Axeitos en 1978.

Este primeiro labor sarmentiano culminaría en 1982 coa edición anotada de *As coplas galegas* do P. Sarmiento, volume reeditado hai dous anos.

Non era doado pasar pola cátedra salmantina do profesor Pensado Tomé e subtraerse á súa paixón sarmentiana. Pero hai máis. Xosé Luís Axeitos que, en xuño de 1964, finaliza, en Santiago, os estudos comúns na Facultade de Filosofía e Letras, cando decide matricularse na especialidade de Filoloxía Románica, opta pola Universidade de Salamanca pola circunstancia de que nela é docente un profesor de Negreira xa daquela o mellor coñecedor das ideas lingüísticas de Martín Sarmiento.

Como é ben sabido, o profesor Pensado non só se debrozou sobre a inxente e orixinal obra filolóxica do P. Sarmiento, senón que se asomou ás páxinas doutros ilustrados, sobre todo ás do P. Sobreira, outro benedictino que está, se ben a notable distancia de Sarmiento, entre os pioneiros da Lingüística galega. Xa en 1983, o profesor Pensado Tomé e Xosé Luís Axeitos –o mestre e o discípulo– editan as *Cartas* do P. Sobreira a Gómez de Ortega e Cornide. Sobre José Cornide, ilustrado non alleo á Lexicografía galega, o profesor Axeitos publicou anos despois, en 1997, a *Descripción circunstanciada de la costa de Galicia y raya por donde con el inmediato reino de Portugal*.

Nun destes ilustrados, o P. Sarmiento, atopou Xosé Luís Axeitos, nos seus anos mozos de estudante salmantino, algo máis ca erudición lingüística sobre o noso país. Imponse aquí reproducir unha das primeiras secuencias do discurso que nos acaba de ofrecer: “De certo, non cheguei a ver reflectido culturalmente o meu mundo aldeán ata que, alá por volta de 1965, comecei a ler en Salamanca, guiado pola sabedoría do profesor don Xosé Luís Pensado, algunhas páxinas

do Padre Sarmiento”. Así pois, Martín Sarmiento o frade Sarmiento, non só alecciona a Xosé Luís Axeitos, nos seus anos mozos, como filólogo senón tamén como cidadán.

* * *

Hai unha figura do noso Rexurdimento á que o profesor Axeitos vén dedicando, desde hai varios anos, non poucas horas de paciencia e dilixencia como investigador: a figura esencial de don Manuel Murguía. Na relación epistolar do noso polígrafo con centos de escritores están, en gran parte, os datos, as pistas e as claves para entende-lo tecido espiritual da Renascencia cultural de Galicia e tamén a súa intrahistoria. Léanse con atención as 546 *Cartas a Murguía*. Publicadas o ano pasado co patrocinio económico da Fundación Pedro Barrié de la Maza. Trátase do primeiro volume (546 páxinas) dunha serie que ofrecerá as máis de 1.600 cartas que recibiu don Manuel ó longo de 68 anos (1855-1923) e que hoxe custodia a nosa Academia. Non é a primeira vez que afirmo que, cando se publique a totalidade deste caudaloso corpus epistolar, o noso coñecemento e a nosa interpretación do Rexurdimento vai ser, aquel moito máis rico, e esta máis intelixente. Sábeno ben, xa hoxe, os profesores Xosé Luís Axeitos, e Xosé Ramón Barreiro Fernández, responsables da edición citada e que non tardarán –cónstame- en ofrecernos o resto do epistolario. Obra destes dous investigadores é o libro que no ano 2000 titularon *Manuel Murguía. Vida e obra*, hoxe por hoxe o mellor estudo de conxunto sobre o noso gran polígrafo do Rexurdimento, un polígrafo –cómpre recoñecelo unha vez máis- no que destaca, dun xeito especial, a súa condición de historiador, a condición –quero pensar- que máis atrae ó profesor Barreiro Fernández. Pero Murguía estivo vencellado, intensamente, á Literatura, como creador e como estudioso de escritores, faceta esta na que nos deixan un libro extraordinario: ese devocionario de semblanzas que titulou *Los precursores*. Por outra parte, Murguía, exerza como historiador ou como crítico literario, como xornalista ou como autor de discursos, é, case sempre, escritor, ou sexa, autor de páxinas con calidade de páxina. Por conseguinte, a conxunción dun historiador, o profesor Barreiro Fernández, e dun investigador literario, o profesor Axeitos, no estudo dun escritor das características de Murguía, está chamada a depararnos os mellores froitos.

* * *

Xosé Luís Axeitos, nos seus anos de aprendizaxe, forxouse no diálogo cos ilustrados do XVIII, especialmente no diálogo cun precursor da conciencia galega, unha voz xa profundacional. Voz fundacional, enciclopédica e intensa, é a de don Manuel Murguía, polígrafo máis dunha vez aguillado por Sarmiento, a quen estudou e editou, moi consciente da súa importancia profundacional e alentadora. Por conseguinte, o investigador que vai de Sarmiento a Murguía transita un camiño lóxico. Xa en Murguía, Xosé Luís Axeitos debrúzase sobre o seu inxente epistolario, fonte na que terán que beber os eruditos que queiran completar, nas súas liñas máis íntimas e sutís, o mapa do Rexurdimento. O profesor Axeitos, tan familiarizado coas coordenadas do período profundacional, instálase de cheo nos temas e nos problemas da nosa Renascenza do XIX, o período fundacional.

Xosé Luís Axeitos, para algúns, é, case exclusivamente, un estudoso das Letras Galegas do século XX: os exiliados republicanos, por unha parte, e Manuel Antonio e as vangardas, por outra. As miñas liñas precedentes intentan sinalar que o investigador vén das raíces, vén dos precursores e das voces constituíntes: do feito lingüístico e literario da Ilustración (ás veces profundacionais) e do feito literario e intelectual do Rexurdimento (ás veces constituíntes ou fundacionais, unha delas a de Lamas Carvajal, que non citei no seu momento).

Se é así, parece que hai, na biografía de Xosé Luís Axeitos como investigador, unha lagoa: o estudoso pasa de 1900 (ou aledaños) ás proximidades de 1930, datas nas que Rafael Dieste e Manuel Antonio publican os seus mellores títulos na nosa lingua. ¿Non se interesa o profesor Axeitos polo grupo ou xeración anterior o da revista *Nós*, tan decisivo na constitución ou consolidación do discurso literario galego? Sáibase que Xosé Luís Axeitos, pola súa condición de rianxeiro ou pola de exiliólogo (ou por ámbalas dúas) ten feito interesantes incursións na obra dun persoeiro fundamental do grupo *Nós*, na de Castelao. Sendo certo que a atención do profesor Axeitos está centrada, en moitos momentos da súa biografía de estudosos, no exilio (e tamén na vangarda), non é menos certo que este especialista da modernidade e da diáspora do século XX sabe ben de onde veñen os desterrados e os vangardistas: dun xeito ou doutro, veñen de Sarmiento, de Rosalía, de Murguía, de Cabanillas, de Castelao, de

Risco... Nesas fontes, dalgún xeito, beben, aínda que nalgún caso, como no de Manuel Antonio, sexa para arrepoñerse.

Así pois, Xosé Luís Axeitos, como especialista do XX (de dous grandes capítulos do XX: a vangarda e os exiliados), mergúllase nas coordenadas literarias dese século e deses capítulos a partir do coñecemento dos temas e dos problemas literarios precedentes: dos mestres próximos (o grupo Nós) ós mestres dos mestres e ós precursores (Rexurdimento e Ilustración). Esta visión global e evolutiva de toda a literatura galega moderna converte ó profesor Axeitos, como especialista en determinados capítulos da nosa literatura contemporánea, en especialista con perspectiva.

* * *

Como veñen de oír, señoras e señores, o novo académico volve, unha vez máis, ó tema do exilio, e non podería ser doutro xeito nun especialista das súas características en un discurso que un rianxeiro profire en Rianxo, patria de dous ilustres exiliados, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Rafael Dieste Gonçalves. O un e o outro estiveron moi vencellados, cada un á súa maneira, no exilio de Buenos Aires, a Luís Seoane, protagonista, como vimos de oír, do discurso do novo académico. Pero antes de pronunciarme sobre esta documentada e conmovedora oración académica, imponse falar do seu autor como estudoso dos escritores galegos republicanos que, a partir do verán de 1936, viviron e produciron fóra da Terra. Como estudoso deste capítulo das nosas Letras, o profesor Axeitos é, en certos aspectos, o exiliógo maior dentro e fóra de Galicia. Díxeno, hai pouco, nun artigo, e repíteo hoxe con igual convencemento.

Arredor de 1990, Xosé Luís Axeitos está centrado na poesía de Manuel Antonio, atención que froitifica, en 1992, nunha vigorosa edición, e en 1993, nun estudo crítico. Pero xa nestas datas empeza a interesarse, intensamente desde os inicios, pola obra dos exiliados. De 1991 é o seu primeiro traballo: “Diálogo Rafael Dieste – María Zambrano”. Nestes trace anos, de 1991 a hoxe, o profesor Axeitos ten dedicado unha atención moi especial a Dieste, pero en non pequena medida a outros exiliados, sobre todo a Luís Seoane e Castelao. Hai outros nomes do noso exilio, algúns aparentemente menores, moi presentes na obra do novo académico.

A quen queira coñecer, no esencial, os temas e os fervores de Xosé Luís Axeitos como exiliólogo, abóndalle con debuzarse sobre as páxinas (336) do seu recente libro *O exilio galego: un mapa de cicatrices* (Edicións do Castro, 2003). Nel acolle unha parte, só una parte, pero moi significativa, dos traballos que, desde 1991, vén publicando en revistas galegas moi recoñecidas: *Boletín Galego de Literatura*, *A trabe de ouro*, *Grial*, *Citania*... Tamén acolle estudos antes publicados ou lidos en Xornadas en Congresos do exilio.

Consta o libro que nos ocupa de tres grandes capítulos, que me van permitir caracterizar axeitamente –penso- as facetas esenciais do noso exiliólogo. Titúlase o primeiro “Literatura testemuñal. Epistolarios e autobiografías”. É o capítulo máis conmovedor, e é conmovedor porque nel o investigador Xosé Luís Axeitos ofrécenos fragmentos antolóxicos de cartas nas que os desterrados confesan, a destinatarios idóneos, angustias, esperanzas, proxectos e, ás veces, soños. O profesor Axeitos coñece, como ninguén no mundo, o epistolario Rafael Dieste e o epistolario Luís Seoane, dous fondos documentais que son unha crónica íntima e rigorosamente sincera do drama e da grandeza do exilio. Dous fondos –cómpre aclarar- pródigos en páxinas de alto valor literario. Hai anos que Axeitos publicou, nun groso volume, 576 cartas de Rafael Dieste, algunhas das cales ten glosado en varios traballos seus, e hai anos que transcribiu, clasificou e anotou varios centos de cartas a Luís Seoane, labor que realizou, con rigor e amor, no domicilio de dona María Elvira Fernández López, viúva do noso maxistral artista e escritor. É mágoa que, por razóns que algúns non entendemos, a Fundación Luís Seoane non teña publicado un corpus textual tan rico, riqueza que as anotacións de Axeitos –por min coñecidas- glosan e ilustran. É mágoa que a comunidade intelectual –a galega e a non galega- teña que renunciar, non sabemos por canto tempo, a este valiosísimo testemuño literario. Cando Luís Seoane, escribe ou cando a Luís Seoane lle escriben persoas de calidade, un ten evidencia de que o seu nome é un emblema de dignidade e unha bandeira de compromiso intelectual. Estas son as bandeiras e os emblemas que Axeitos vai desenvolvendo e glosando na epistolografía dos nosos exiliados.

O segundo gran capítulo do volume titúlase “O mundo da edición. Revistas e artes gráfica”, capítulo protagonizado, entre outros, por Castelao, Seoane e algunhas publicacións da editorial parisina *Ruedo Ibérico*. Téñase en conta que os dous escritores citados foron artistas plásticos e que foron autores de libros onde, ás veces, non sabemos se o debuxo ilustra o literario ou o texto literario ilustra o debuxo. Pénsese, moi especialmente, no volume *Cousas*, de Castelao.

Pero as artes gráficas, nestes autores e en revistas por eles orientadas, engaden riqueza, non sempre adxectiva, ós textos. A relación do libro coas artes gráficas: velaquí un tema no que o noso académico é especialista. Ninguén, entre nós, máis lexitimamente interesado nel.

Titúlase o terceiro capítulo “Rafael Dieste, Lorenzo Varela e Carlos Gurméndez”, tres personalidades ás que o profesor Axeitos ten dedicado páxinas indispensables.

Pero libros como o que estamos a comentar asómanse a temas e autores non consignados nos epígrafes. Penso, nesta ocasión, en dous importantísimos intelectuais do noso exilio: o médico Antonio Baltar e o pedagogo Xosé Otero Espasandín, intelectuais ás que, noutras ocasións, Axeitos dedicou especial atención aínda que esas páxinas non se recollen neste volume. Cónstame, por outra parte, que neste momento o profesor Axeitos entregou á Biblioteca do Exilio un groso volume con textos de Otero Espasandín, volume que, cando se publique, fará xustiza á obra deste polifacético escritor que deixará, “ipso facto”, de ser unha figura menor.

Sabido é que algúns dos escritores galegos estudados, como Dieste, Lorenzo Varela e o propio Otero Espasandín, participaron nas Misións Pedagóxicas, aquela experiencia educativa da República que foi, no seu tempo, audaz e eficaz, e, en canto ós contidos e ás actitudes, aldraxada e boicoteada pola Dereita que no 36 se alzou, tamén contra as Misións Pedagóxicas. Figura central desta experiencia foi Rafael Dieste, aquel espírito bondadoso, delicado, sagaz e culto, incapaz de esparrentar unha bolboreta por non quebra-la harmonía estética do mundo. Resulta pois, que a Guerra Civil fíxose tamén, e dun xeito especial contra Rafael Dieste, aquel espírito delicado, culto e inocente. Na obra édita e inédita do profesor Axeitos abundan as páxinas dedicadas a Dieste e ás Misións Pedagóxicas. Non podía ser doutro xeito.

Debo aclarar que unha boa parte dos escritores examinados pola lupa devota do profesor Axeitos, con Rafael Dieste á cabeza, tiveron relación persoal con intelectuais extragalegos, pois todos eles, cando coincidiron no Madrid da II República, sen esqueceren as súas raíces, sentíronse dentro do proxecto cívico e cultural español alentado, desde 1931, polos políticos republicanos, non dereitistas. É significativo que, na bibliografía do noso exiliólogo, o seu primeiro traballo de 1991, se titule “Diálogo Rafael Dieste-María Zambrano”.

Se temos en conta que a obra literaria dos exiliados que vimos citando é bilingüe (salvo o caso, en certo modo, de Castelao), ¿cál debe ser a actitude do estudoso? O profesor Axeitos non secciona a obra de Dieste, nin a de Lorenzo Varela, nin a de Otero Espasandín. Fillos de tales ou cales circunstancias –as xeográficas tamén- e influídas por tales ou cales ideas, o investigador debe descubrir o por qué dun idioma ou doutro, e, en todo momento, explica-la circunstancia e as razóns da elección idiomática. A biografía literaria dun escritor é a súa bibliografía total: as súas Obras Completas.

* * *

É hora xa de asomármonos ó discurso do noso académico cuxo tema, nel, non nos sorprende: de novo, o tema do exilio centrado, nesta ocasión, na figura de Luís Seoane. O intelectual máis importante e incitador da diáspora galega entre 1950 (o ano da morte de Castelao) e 1975 (o ano da morte do Faraón, como el lle chamou, nun artigo maxistral, a Franco) Seoane, sobre o que se teñen publicado bastantes libros (un deles, meu), aínda está á espera de novos estudos, tal é a riqueza intelectual da súa polifacética obra, a exemplaridade moral da súa vida e a fidelidade, como votante nas eleccións do 16 de febreiro de 1936, á causa republicana de Galicia nesos futuros estudos haberá que examinar a fondo o que por esta causa –e outras causas nobres- fixo Seoane, na Arxentina, durante 40 anos: de 1936 a 1976.

Un deses estudos é xa unha realidade: o discurso académico do profesor Axeitos que acabamos de oír. En tan poucas páxinas o autor fai unha intelixente e emotiva incursión na grandeza intelectual e moral de Seoane, pero tamén no drama que este exiliado, como artista e escritor, vive en moitos momentos da súa biografía de transterrado. Axeitos aduce textos moi elocuentes: cartas éditas e inéditas e dous poemas, tamén inéditos, moi reveladores dun dos dramas.

O drama primario é o do exilio, ou sexa, o de todo ser humano forzado a vivir fóra do país, que equivale a vivir fóra, á forza, da súa paisaxe e dos seus paisanos. Pero o ser humano Luís Seoane, que é artista e escritor, sempre que pinta ou escribe faino –como ten confesado cen veces- pensando en Galicia. Así se expresa, por exemplo, nas cartas a Carlos Maside, cartas maxistrais a un interlocutor –moral e político- idóneo, razón pola cal, en parte, estas son cartas maxistrais. Nelas está moi presente o drama do artista que

sabe que a a súa obra non chega ós seus destinatario máis lexítimos, a aqueles nos que está a pensar o intelectual cando escribe ou cando pinta. Galicia está lonxe, moi lonxe, separada por un inmenso océano e por algo case sempre, menos superable: o franquismo, as alfándegas políticas do réxime semifascista de Franco. Pero na Galicia do interior respiran, se ben con dificultade, unhas ducias de homes ós que Seoane, nunha carta a Díaz Pardo, chamou os “irmáns do 36”, entre eles, Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del Riego e Domingo García-Sabell.

Eles coñecen, polo menos en parte, a obra do noso intelectual, que non sempre aplauden, cando non a ignoran. A Seoane dóenlle, moi especialmente, os silencios de Ramón Piñeiro, mentor –sábeo ben o noso exiliado- dos resistentes galeguistas.

O que acontece, e Axeitos aduce textos moi ilustrativos, é que Seoane pensa como un esquerdistista e Piñeiro é moi reticente co esquerdismo de Seoane, realmente filocomunista, aínda que Piñeiro non empregue esta terminoloxía. Ocasións hai en que Seoane, tamén incomprendido polos galeguistas de Buenos Aires, sente, como lacerante, a súa soidade de intelectual, de intelectual sempre fiel ó Partido Galeguista, pero de intelectual que, nun poema que exhuma Axeitos, entende que o único problema de Galicia non é, só, o da lingua senón tamén o da súa miseria económica; de intelectual, por outra, parte, que está disposto a recoñecer o compromiso de guerrilleiros como Manuel Ponte, cantado por Lorenzo Varela a quen el, en tantas ocasións, ten reivindicado, ante certos silencios de Galicia, como unha das nosas grandes voces poéticas contemporáneas.

Pero o drama de Luís Seoane é máis grave se pensamos que os “irmáns do 36”, aínda os máis achegados, tardaron máis de dez anos en estableceren relacións epistolares con el. Neses anos, Seoane, “sempre en Galicia”, viviu nunha orfandade case total.

* * *

Na oración académica do noso novo compañeiro fálase do discurso exílico de Luís Seoane, do discurso exílico en xeral, pero páxinas hai nas que o profesor Axeitos se centra nun aspecto deste discurso: ¿qué pensaba Seoane, desterrado, político en Buenos Aires, da Academia, da Real Academia Galega, a institución que hoxe nos

convoca aquí? Tamén por isto hai que felicitar ó novo colega: polo feito de ingresar na Academia cun discurso dedicado, en parte, a examina-la relación entre Seoane e a nosa institución. Sabido é, por moitos, que Seoane non foi académico de número por unha razón, administrativa, fundamental: porque ata pouco antes do seu pasamento (abril de 1979) residía, oficialmente, en Buenos Aires, e os Estatutos da institución esixían a residencia en Galicia. Sabido é, por algúns, que os académicos máis conscientes da valía de Seoane proporían ó ilustre intelectual para ocupa-la primeira vacante que se producise, proposta que truncou a morte inesperada de quen acababa de instalarse, para tódolos efectos, na cidade da Coruña. Meses antes, Seoane prometera ó presidente Domingo García-Sabell que os seus libros de arte -¡2.411 volumes, centos deles de gran valor, mesmo económico!- serían doados á Biblioteca da Academia, doazón que materializou a súa viúva, María Elvira Fernández López, algún tempo despois.

Foi esa a ocasión escolleita polo presidente para poñer nas mans da viúva do gran intelectual, nun xesto tan cálido como pouco regulamentario, a medalla académica que lle correspondería, no seu día, a Luís Seoane. Hoxe sabemos por Xosé Luís Axeitos que Seoane, pouco antes do seu falecemento, estaba a redacta-lo seu discurso de ingreso na Academia para lelo cando as circunstancias o requirisen. Así llo comunicou dona María Elvira, a viúva do artista, noso novo compañeiro, tal como este relata no inicio da súa oración académica, quen, transcrita esta confesión, reproduce a primeira páxina do inédito discurso. Versa, como lembrarán vostedes, sobre Carlos Maside, sen dúbida, para Luís Seoane, o máis irmán “dos irmáns do 36”. Non sei se Xosé Luís Axeitos coñece outras páxinas desta peza inédita, tan valiosa polo autor e polo tema. En calquera caso, esa primeira páxina sorpréndenos con datos nunca aducidos polo autor –nin por ninguén-: que os estudantes da FUE, da súa época, foron os primeiros en organizaren clases para analfabetos, labor que se realizou na Facultade de Dereito. Nesa páxina menciona Seoane algo que está presente en moitos escritos de Seoane: que as ideas verdadeiramente progresistas de estudantes e intelectuais onde encontran o ceo axeitado é nas clases populares se estas están organizadas (sindicatos obreiros, sociedades agrarias, etc.).

Volvamos ós anos porteños de Luís Seoane e ás cartas (concretamente a Isaac Díaz Pardo) nas que o ilustre exiliado fala da Real Academia Galega. Xosé Luís Axeitos reproduce senllos

parágrafos de dúas: unha do 12 de decembro de 1956 e outra do 31 de agosto de 1968.

Na primeira estampa esta consideración: “Non falemos da Academia, que aínda nos fai rir co reparto que fixo de tídoos correspondentes en Buenos Aires...”. Fosen os que fosen os designados, na capital arxentina como académicos correspondentes, está claro que ningún deles tiña os merecementos intelectuais do propio Seoane, que, por certo, non fala, na carta, en nome propio. Pero somos nós aínda tantos anos despois, os que podemos falar por el. Daquela, ano 1956, xa publicara Seoane dous poemarios, un dos cales, *Fardel de eisilado*, de 1952, constitúe, en realidade, o inicio, na Posguerra, da poesía civil en lingua galega. Pero máis alá destes dous importantísimos volumes de poesía, máis alá da revista *Galicia Emigrante* (fundada en 1954), está o seu labor de editor e reeditor de libros galegos, labor mercé ó cal Luís Seoane realizou unha especie de milagre bibliográfico: evitou que no discurso literario impreso, entre 1936 e 1950, se producise unha fartura. Anos despois, xa na editorial Citania, promoveu e acolleu o discurso progresista en galego, publicando libros prohibidos na España de Franco (*A esmorga*, de E. Blanco Amor ou libros prohibidos naquela triste España como *Non agardei por ninguén*, de Ramón de Valenzuela).

Pois ben, este intelectual, que, como intelectual galego, en certos aspectos, está a anos luz dos mellores, en 1968 xa non se recata e denuncia en privado: “Acepté ser académico de número en la Academia Nacional de Bellas Artes de aquí. Lo hice pensando en Galicia, en la Academia Gallega, en donde jamás fui propuesto para correspondiente, como tampoco Espasandín, Baltar, Varela y Cuadrado, y, en cambio, lo son Valentín Fernández, Estévez y Molinari”. Acerta Xosé Luís Axeitos cando, na glosa destas liñas, fai referencia ó feito de que na Academia xa son numerarios algúns dos “irmáns do 36” (Piñeiro, Carballo Calero, Fernández del Riego...) que, tendo na institución influencia dabondo, parecen ignorar en desestimar a obra de escritores como Xosé Otero Espasandín, Lorenzo Varela, Antonio Baltar e Arturo Cuadrado. Desde o ano 1960 era presidente da Academia don Sebastián Martínez-Risco, cidadán non reticente ó labor destes exiliados, non así, quizais, don Manuel Casás, presidente da institución nas datas da primeira carta, a de 1956.

Esta reacción proba que Seoane tivo sempre, nos anos do exilio, unha idea favorable da Academia: quizais non a xulgaba moi importante nos primeiros anos da Posguerra pero admitía que nela,

aínda en tempos tan escuros e tan pouco activos, quedaba algo do espírito de Curros Enríquez, de Murguía, de Pondal, de Ramón Cabanillas, de Lugrís Freire... Xa en tempos posteriores, cando está constituída, en boa parte, polos “irmáns do 36”, percibe como aldraxe, ó seu xigantesco e heroico labor no exilio, que os seus vellos camaradas non lle concedan esa migalla de gloria, a gloria que cre merecer como cidadán de cultura comprometido cunha causa que sempre estivo presente, nalgunha medida, na Academia, incluso nos seus peores momentos e cando a rexían homes menos idóneos. A Seoane parécelle un agravio moi grande que a Academia de Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro e Fernández el Riego, premie, co diploma de académico correspondente, a homes como Valentín Fernández, a quen, noutra carta (non citada nesta ocasión por Axeitos) chama, “camaleón político” e “gánster” (14-10-1969).

No discurso de Xosé Luís Axeitos hai elocuentes citas de Seoane nas que este se queixa de que os vellos camaradas de Galicia só consideren, como interlocutores válidos, a galeguistas da máis resésiga dereita, eludindo a el e ós contertulios do emblemático Café Tortoni, é dicir, a Arturo Cuadrado, a Otero Espasandín, a Antonio Baltar e a Lorenzo Varela. Axeitos sabe moi ben que ese grupo era tildado, nos cenáculos da dereita galeguista, como un grupo de comunistas, a idea que compartían, máis ou menos, en Galicia, algúns dos “irmáns do 36” (en realidade, militante comunista só era Lorenzo Varela).

Por conseguinte, Luís Seoane, desterrado en Buenos Aires pola dura lei franquista, non poucas veces viviu e traballou, en Buenos Aires, desterrado da comunidade galeguista dos ben pensantes, ó mesmo tempo que era incomprendido, cando non reprendido, en Galicia, polos vellos camaradas da República. Dobre ou triple exilio, pois, ás veces, o deste intelectual galeguista tan fiel ós ideais do 16 de febreiro e do 28 de xuño de 1936.

* * *

Nos discurso de ingreso da nosa Academia (e de moitas outras), a preceptiva non escrita do xénero imponlle ó noso membro da institución face-la semblanza intelectual do académico cuxa vacante vai ocupar. Nesta sesión a semblanza é, tamén, unha gabanza. Non podía ser doutro xeito tratándose da personalidade de Domingo

García-Sabell: a personalidade do médico, do ensaísta, do traductor de importantes pensadores e do conferenciante académico, xénero que cultivou con brillantez e precisa erudición. Deixounos don Domingo o 5 de agosto de 2003, cando ía cumprir 95?? 96 anos de idade. Polifacético como Roberto Nóvoa Santos e como Juan Rof Carballo, interesouse tamén polas artes plásticas e aí están as súas esclarecedoras páxinas sobre Picasso e Van Gogh, entre outras dedicadas a grandes pintores. Dos artistas galegos interesoulle dun xeito especial a plástica de Luís Seoane, sobre a que publicou dúas monografías, unha en 1954 e outra en 1965. Que, polo imperativo das leis académicas, García-Sabell teña que estar presente no discurso de ingreso do profesor Axeitos, confírelle ó discurso un valor especial pois García-Sabell foi, ademais de estudoso, amigo de Seoane e compañeiro de loitas universitarias nos anos da FUE en que combatían a Ditadura de Primo de Rivera e a mendacidade do rei Alfonso XIII.

No discurso do profesor Axeitos, pero fóra da gabanza preceptiva, figura o nome de García-Sabell nunhas páxinas moi importantes, aquelas en que se conta o reencontro dos dous amigos, en Buenos Aires, no ano 1953, reencontro que froitifica, ó ano seguinte, na monografía do antigo estudante de Medicina sobre a pintura do antigo estudante de Dereito. Para o Seoane tantas veces silenciado ou non comprendido en Galicia, o traballo de García-Sabell écheo de ledicia íntima. Non hai retórica na carta que lle envía desde a Arxentina o 9 de febreiro de 1955: “Teño a sensación de que polo teu estudo atópome xa para sempre na Terra e que fico pra sempre connosco”. Estas palabras cítaas, moi oportunamente Xosé Luís Axeitos, co que teño falado, en varias ocasións, do que significou para Seoane este recoñecemento de García-Sabell, da pluma culta e sagaz de García-Sabell. Eu tamén agardo do novo académico, e non fago retórica, que acometa a edición e o estudo do epistolario Seoane/García-Sabell, un epistolario polo que eu devezoo hai moito tempo. Sen dúbida, nesas páxinas, haberá discrepancias en temas artísticos e, sobre todo, en cuestións ideolóxicas, en cuestións políticas, pois nos últimos anos Seoane, fiel ós vellos principios, mantiña posturas diferentes das dalgúns vellos camaradas. Repárese, miñas donas e meus señores, na revelación que fai Xosé Luís Axeitos ó final da súa alocución referíndose a Luís Seoane: “Pouco antes, en 1977, non aceptou o nomeamento de Senador Real alegando que era republicano”. Aceptouno García-Sabell como o aceptou Camilo José Cela, gran escritor de lamentable biografía civil. Eu supoño, sen embargo, que no epistolario Seoane/García-Sabell ten que haber a

expresión dunha fonda e mutua amizade, e, no caso das cartas do artista exiliado, unha non menos fonda gratitude pola monografía do sutil ensaísta compostelán, monografía que foi decisiva, no ánimo e nos proxectos do pintor desterrado, a partir de 1954. Gratitude e amizade eternas, pois o episodio de 1977, non empañou a relación. O un e o outro, alá nos seus anos mozos, dentro e fóra das aulas, contribuíron, coas súas inquedanzas republicanas, a destronaren a quen, desde 1923, era un rei felón. Pero, en 1977, nin o actual Rei de España os separou.

Eu agardo e devezoo por este epistolario porque nel, sen dúbida, atoparémo-las claves íntimas desta amizade, amizade –polo que sei nunca esmorecida nin sequera nos momentos en que Ramón Piñeiro polemizaba, ás veces en termos acedos, con Luís Seoane; tampouco esmoreceu nas datas en que o grupo da editorial Galaxia (García-Sabell, un deles) non lle abriu as portas(ó parecer por filocomunista) ó doutro Antonio Baltar, uña e carne de Luís Seoane, na Arxentina, desde os tempos da Guerra Civil. Xosé Luís Axeitos, tamén especialista, o máximo, na epistolografía dos nosos exiliados, ten que ofrecermos, canto antes, este traballo.

* * *

Xa aquí, e como apartado final da miña resposta, pido licencia ó protagonista deste acto académico, ó propio profesor Xosé Luís Axeitos, para achegarme a algunhas dimensións da súa biografía que teñen íntima relación coa súa bibliografía, ou dito de maneira máis sinxela pero non menos académica: achegarme a facetas da súa vida que teñen fonda relación coa súa obra literaria.

Eu sei ben que un pode nacer de berce honrado e, xa adulto, ser un canalla, como sei que hai quen nace nun fogar moi pobre e, pasados os anos, se se fixo rico, ser inmisericorde cos de abaixo. Tamén sabemos que un pode nacer en Compostela, a cen metros do Pórtico da Gloria, e non visitar aquelas figuras de pedra artisticamente venerables. Mesmo sabemos que pode haber persoas nadas en Rianxo, que pasen tódolos días pola Rúa d’Abaixo, e non se interesen pola obra nin pola vida de Manuel Antonio, de Castelao ou de Rafael Dieste. E xa que falamos de Rianxo e da rúa d’Abaixo, rúa que é berce de tres dos máis importantes escritores do noso país, non é moi difícil imaxinar que, nos anos do primeiro franquismo, foi transitada, cen e

cen veces, por fillas e fillos desta privilexiada vila sen que algunhas desas persoas (quizais moitas) preguntasen a a razón de que dúas desas casas, a de Dieste e a de Castelao, estivesen pechadas para os seus lexítimos donos.

Por esta rúa transitou de neno e de adolescente, antes de 1960, centos de veces, un rapaz de Asados nado en 1945 e a quen parentes e nenños, se non estou trabucado, chamaban e chaman Luís.

Non naceu en berce dourado, e durante anos e anos a figura do pai, emigrante no mar, moi poucas veces está presente na casa humilde e honrada. Ó rapaz, como a quen os fala, xa lle tiraban as Letras. Non estudará, pois, para avogado, nin para farmacéutico nin para médico, que é o que queren, na comarca, para os seus fillos case tódolos pais, empezando por don Mariano Rodríguez Dios, quen, hai cen anos, decidiu que o seu único fillo varón, Daniel, cursase en Santiago a carreira de Medicina.

O rapaz, cando transita pola Rúa d’Abaixo –daquela denominada co pseudónimo José Calvo Sotelo-, afírmase na súa condición de estudante de Letras, de estudante que ten, como primeira obriga, a de estudar a Dieste, a Castelao e a Manuel Antonio, esa especie de chuvia do ceo que caeu, sobre Rianxo, nun territorio de só 200 metros, hai varias décadas. O rapaz, xa antes do seu ingreso na Universidade, sobre versos de Manuel Antonio, coñece algúns contos de Dieste e le, con fruición, en libros emprestados, páxinas de *Cousas* e de *Retrincos*. Estamos, quizais, no ano 1958 ou no 1959, e nesas datas, transite ou non o rapaz pola rúa d’Abaixo –como lle chamaban os vellos e os resistentes- ten noticia, -vaga noticia, inquietante noticia- de que dous dos autores patrios, desde 1936, nunca se quentaron no lume dos seus fogares. Un, o autor de *Cousas*, xa morrera, e o outro, Rafael Dieste, seica era profesor de Literatura nunha importante Universidade de aló lonxe. Creo que o rapaz deste noso verídico relato non tardou en ver, en ver pasar pola Rúa d’Abaixo, a don Rafael. Foi en 1962 ou en 1963, xa o noso protagonista na Universidade ou ás súas portas. Aquel home respiraba bondade, cultura, delicadeza e, quizais, un puntinho de inocencia, pero aquel home, de tan resplandecentes virtudes, era, en certo modo, un estranxeiro na súa patria, agora que, fisicamente podía visita-la súa vila natal.

O protagonista do noso relato, mozote aínda, asistiu en Asados, no ano 1960, á primeira representación d’*A fiestra baldeira*, mentres os vellos, que trataran ó autor, falaban del, sempre en voz moi baixa,

con admiración. Menos mozote, en 1963, un mariñeiro de Rianxo amigo tróuxolle de Buenos Aires un exemplar da primeira edición completa de *Sempre en Galiza*, que o protagonista desta historia recibe con emoción clandestina. Clandestina, en certo modo, fora a emoción de 1960 cando asistiu á representación d'*A fiestra baldeira*, quizais a primeira peza de teatro que el presenciou dita na lingua que, en Asados, falaban as xentes do común.

Por unha curiosidade do destino, aínda hoxe, nun muro de Asados se conserva unha pintada rudimentaria pero bastante lexible: “Vota Castelao”. O mozo do noso relato xa oíu a vellos mariñeiros da rúa que se trata do “noso Castelao”, que saíu deputado, polo glorioso Frente Popular, nas eleccións de febreiro de 1936. Luís –hoxe o profesor Xosé Luís Axeitos Agrelo- veu oíndo estas e outras cousas da vida desde hai anos, sempre en voz baixa, se ben cada vez menos baixa. Moito antes do 20 de novembro de 1975, Luís, que xa é Licenciado, que xa é profesor, decide votar por Castelao: por Castelao e por Rafael Dieste, por Castelao e por Luís Seoane, por Castelao e por Lorenzo Varela. É un voto moi pensado e para toda a vida, haxa ou non eleccións no país. Paseando despois de 1960, unha e outra vez, pola Rúa d’Abaixo, que aínda algúns chaman Calvo Sotelo, este mozo de Asados percibe, dalgún xeito, a voz daquelas tres sombras luminosas, dúas delas, a de Dieste e a de Castelao, voces remodeladas, durante anos, no exilio. A explicar esas voces vai dedicar, no futuro, este paseante inqueda e asombrado, unha parte importante da súa actividade profesional. Aí está o seu curriculum literario, ben elocuente ó respecto. Esta ocupación sempre é no paseante de onte, no investigador de hoxe, ademais dun compromiso intelectual cun capítulo grandioso das nosas Letras, un compromiso moral, unha especie de devoción espiritual. Nas palabras e na vida dos nosos grandes exiliados –os de Rianxo e os que non son de Rianxo- percibiu o profesor Axeitos, xa na época de paseante pouco letrado, esa música moral que compromete a todo home de ben.

Xa investigador consagrado, Xosé Luís Axeitos procura citar nos seus escritos aqueles textos dos nosos exiliados, que posúan a emoción moral dos grandes momentos. Algúns deses textos exhumados por primeira vez, para todos nós, o profesor que hoxe ingresa na Academia. Eu case sei de memoria unha carta de dona Carmen Muñoz Manzano, esposa de don Rafael Dieste, a cartas na que comunica, desde un hospital de París, dignas de certas confidencias: “Ayer no pude menos de llorar toda la tarde la caída de Madrid”. A carta era do 30 de marzo de 1939 cando as tropas de

Franco estaban ocupando a capital da España republicana, “la capital de la gloria”, que dixeran Rafael Dieste. Ese día –aclaro eu- a esquerda, a causa da verdadeira esquerda, perdeu, no mundo contemporáneo, a súa primeira gran batalla. Dona Carmen Muñiz, refuxiada e ferida en París, chorou.

Non me resisto a transcribir o fragmento dunha carta de Seoane a Simon Scheinber, que coñecemos polo último libro de Axeitos:

“Pienso que no hay que olvidar, ya que, si la justicia debe tener venda en los ojos, también debe tener memoria, y nunca se hizo justicia sin que se hiciese historia, no otra cosa significa la exposición de hechos de cualquier proceso”.

A carta, de 1958, foi escrita, por Luís Seoane, o 18 de xullo, data que para o autor tiña connotacións trágicas. Seoane, un dos vencidos na Guerra Civil, apelaba á memoria, non para apelar ó revanchismo e, si, para establecer un sentido da xustiza: vencidos, pero non innobres; humillados, pero non indignos, e isto debe ser recoñecido. Cando Seoane escribe esta carta leva case 22 anos no exilio, ou sexa, oito mil días coas súas noites, que así contaba Seoane, día a día, noite a noite, o tempo vivido no desterro. Luís Seoane, como antes Castelao, como antes e despois Rafael Dieste, Antonio Baltar e tantos outros, non abdicaron das súas ideas. Vencidos, pero convencidos da dignidade da súa causa, da grandeza das súas razóns.

Foi isto, a conciencia clara da nobreza dos seus ideais, o que os mantivo moralmente erguidos a adversidade dos miles de días e dos miles de noites daquel longo éxodo.

Esta proeza moral, expresada tantas veces en fermosas páxinas públicas e privadas, hai tempo que comprometeron, como cidadán e como profesional, a aquel paseante de 1955, de 1958, de 1960... a quen hoxe nos acaba de ofrecer un capítulo máis da súa erudición literaria e da súa paixón cívica. O erudito e o cidadán hai tempo que están marcados polas biografías e as páxinas de Castelao, de Seoane, de Dieste, de Otero Espasandín, de Lois Tobío, de Lorenzo Varela, de Xosé Núñez Búa, de Ramón de Valenzuela... Todos coa pluma, e algúns, tamén, coa espada, loitaron pola causa máis alta do ser humano, a da xustiza, a da xustiza para todos, e a loita continua. Xosé Luís Axeitos e outros investigadores, máis novos ou máis vellos, cando se achegan ó alento moral deste e doutros homes, vencidos na

Guerra Civil, perciben dalgún xeito, que son soldados derrotados dunha causa invencible.

* * *

Unha páxina gloriosa das Letras Galegas, a protagonizada polos exiliados republicanos, ten, na persoa do profesor Xosé Luís Axeitos, un investigador de prodixiosa documentación e un intérprete que conxuga, en todo momento, intelixencia e paixón. Por iso hoxe é un día de festa para a Real Academia Galega que conta, desde agora mesmo, co seu sabe e coa súa entrega. ¡Benvido!.